Tendo en conta o establecido tanto no *Decreto 105/2014, do 28 de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, e na *Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, levaremos a cabo unha avaliación continua, global, formativa e integradora e teremos en conta o progreso do alumno no conxunto de todas as áreas do currículo.

Empregaremos para a recollida da información diferentes procedementos. Tales como: listas de control, probas obxectivas, controis temáticos, rexistros anecdóticos, observación directa, entrevistas cos pais, entrevistas cos alumnos..

Asi mesmo sinalar que ao tratarse dunha avaliación continua poderemos incorporar reforzos ou ampliacións para aqueles alumnos que o necesiten en calquera momento do curso.

Para levar a cabo a cualificación teremos como referente una serie de instrumentos de avaliación cuxa valoración nos aportará a nota final dos alumnos. Dita cualificación aplicarase do seguinte xeito:

- Probas de avaliación: 80 % da nota
- Resolución de tarefas, exposicións orais, bloques, participación, atención, interese e aplicación do aprendido: 20 % da nota.

Os resultados da avaliación dos alumnos expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT), e sobresaínte (SB). Ademais engadiráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala do un ao dez, coas seguintes correspondencias: Insuficiente (1, 2, 3 ou 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7 ou 8) e Sobresaínte (9 ou 10). O insuficiente é unha cualificación negativa, e as demais todas positivas.

Ao comezo de curso realizaremos unha avaliación inicial. A cal inclúe a análise dos informes persoais do nivel anterior, e servirán como referencia para concretar a programación de aula.

Ao longo do curso realizaremos tres sesións de avaliación que se recollerán en acta e en elas figurarán as medidas de reforzo (RE) ou adaptacións curriculares significativas (ACS) que sexan necesarias.

Ao remate de cada unha das sesións de avaliación, as nais/pais ou persoas titoras legais dos alumnos, recibirán información dos seus resultados e das medidas de reforzo e/ou recuperación que se adoptaron en caso de ser necesario tomalas.

Nas sesións de avaliación de cada grupo, tamén avaliaremos a nosa práctica docente en relación coa adecuación aos nosos alumnos, co desenvolvemento das competencias clave e co logro dos obxectivos da etapa.

▪ **Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial**

Durante as primeiras semanas do curso, realizaremos unha avaliación inicial aos alumnos/as para coñecer a situación de partida.

Este proceso comprenderá as seguintes accións que nos permitirán identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.

b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Os recursos empregados para realizar dita avaliación son:

· Criterios de avaliación: Son os indicadores do lugar onde se debe atopar o alumno/a ao comezo do curso.

- Suxestións de actividades: Axudan ao mestre/a a coñecer o punto de partida do alumnado a partires da observación directa. Estas actividades realizaranse de xeito individual, por grupos ou toda a clase e están relacionadas cos criterios de avaliación.
- Formulario de rexistro persoal: Folla fotocopiabile para consignar o resultado da valoración de cada alumno.

▪ **Actividades de recuperación e reforzo para lograr dita recuperación**

Entre as actividades de recuperación e os reforzos estarían as seguintes:

- Traballar en colaboración co Departamento de Orientación (facilitando material e asesoramento).
- Traballar dun xeito máis pausado, durante o primeiro trimestre.

Cando nun alumno ou nunha alumna se identificasen necesidades educativas especiais, recollerase no seu expediente persoal unha copia da valoración psicopedagóxica, os apoios e as adaptacións curriculares que fosen necesarias.

▪ **Metodoloxía didáctica**

A metodoloxía no curso escolar 2020/2021 adaptarase ao Plan de Adaptación á situación COVID 19 aprobada polo centro. E procuraremos que as novas tecnoloxías adquiren unha maior relevancia no proceso de ensino aprendizaxe do noso alumnado.

Como en anos anteriores traballaremos respectando unha serie de principios metodolóxicos comúns para todo o alumnado do nivel. Estes principios comúns son os seguintes:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno e os coñecementos previos.
- Tomar como punto de partida os intereses dos alumnos.
- Dotar ás actividades de ensinanza–aprendizaxe dun carácter lúdico, facendo gratificante e estimulante a aprendizaxe do alumno.
- Favorecer a aprendizaxe autónoma, dotando aos alumnos dos mecanismos necesarios que lles permitan levar a cabo unha aprendizaxe significativa por si mesmos.
- Modificar os esquemas de coñecemento previo que o alumno posúa acordando a distancia entre o nivel de desenvolvemento real e o potencial.

- Globalizar as ensinanzas e os contidos de aprendizaxe, co fin de favorecer a súa adquisición e garantir a súa funcionalidade.
- Empregar na medida do posible, as situacións de xogo como estimuladoras.
- Empregar métodos visuais de comunicación que sirvan de soporte á información que se transmite por vía oral (ordenador, Cds, internet, debuxos, murais...)
- Plantexamento de actividades e procedementos diversificados adaptados aos diferentes niveis e intereses dos alumnos.
- Garantir a participación dos pais e nais para posibilitar unha continuidade no traballo así como dos distintos profesionais que interveñen na atención educativa.

De xeito xeral, podemos establecer que se desenvolverá unha metodoloxía integradora na que participe toda a Comunidade Educativa, mediante unha labor preventiva, e detectaranse posibles lagoas, aplicando todos os recursos dos que dispomos no centro.

Queremos destacar que este curso imos comezar co uso da aula virtual. Polo tanto no caso de ter que optar por una ensinanza non presencial, priorizaremos o uso da mesma. Complementandoo co uso de google drive, bitácoras, vídeo conferencias, comunicación vía telefónica, correos electrónicos,...

Empregaremos esta mesma metodoloxía con aquel alumnado que por motivos de saúde non poida asistir as clases presenciais.

▪ **Materiais e recursos didácticos**

Dentro dos recursos atopámonos con recursos tanto materiais, como recursos humanos.

+ Recursos Materiais: para seleccionar, organizar e empregar os recursos materiais, teranse en conta os seguintes criterios: seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, polivalencia, hixiene, multisensoriais, dificultade gradual, e que se adapten ás posibilidades e necesidades dos alumnos.

Partindo disto, destacamos os seguintes materiais de uso cotiá:

- Material Impreso: Material dirixido ao alumnado: libros de texto, contos, láminas, póster, xornais, material de lecto–escritura...
- Material dirixido ao profesorado: guías didácticas e guías curriculares, material para a busca de información.
- Na aula contamos cun ordenador portátil e unha pizarra dixital. Empregaremos de xeito habitual o libro media e os recursos correspondentes a cada unidade.

- Dispomos dunha hora semanal na aula de informática con ordenadores para todo o alumnado, na que ademais de repasar contidos das diferentes áreas, aprendemos a facer pequenas investigacións: manexar o Word (seleccionar información , insertar imaxes...), facer uso do correo electrónico, a utilidade do uso de Google Drive (documentos de texto, presentacións , desenvolvemento dos proxectos a realizar ao longo do curso e o manexo na aula virtual).

- Utilización de diferentes recursos dixitais incluídos en distintas bitácoras.

- Materiais e recursos manipulativos.

- Contamos cun pequeno laboratorio para realizar actividades experimentais e de manipulación de diferentes modelos.

- Libros de lectura en préstamo da Biblioteca.

+ Recursos Humanos.

- Propios do Centro: Director, Claustro, Consello Escolar, CCP e Departamento de Orientación. Mestres (titores, especialistas de área e especialistas como P.T., A.L.)

Alumnado.

- Externos ao Centro: Equipos de Orientación Específicos.

CEFORE

Concello (biblioteca, educadora social...)

- As familias: Pais, nais, e titores legais.

+ Recursos Organizativos.

As medidas organizativas que se adoptarán estarán en función da dotación da plantilla que dispón o centro e dos alumnos escolarizados no mesmo. Como norma xeral, tentarase proporcionar aos alumnos unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, aos seus intereses e ritmos de aprendizaxe.

Tamén estableceremos sesións de coordinación:

- Ao comezo de curso realizaranse sesións cos titores dos cursos anteriores co fin de intercambiar información sobre o alumnado. Tamén coa Orientadora.

- Manteranse reunións de nivel semanalmente.

- Como mínimo, enviaráselle trimestralmente información por escrito ás familias.

- Contemplarase unha hora semanal de titoría ou atención a país (ou titores legais) tanto polos titores como polos especialistas do centro. **Neste curso priorizaremos a comunicación coas familias por teléfono e mediante o espazo Abalar.**

Facilitarase unha organización flexible da aula, que permita facer fronte á diversidade de actividades e situacións que poidan presentarse, mantendo un equilibrio entre o traballo individual e o colectivo.

4.8 Educación Artística. Música

Ver ANEXO 5

4.9 Lingua inglesa

Ver ANEXO 6

4.10 Relixión

Ver ANEXO 7

5. Programación de Educación en valores

A emerxencia sanitaria provocada pola pandemia COVID-19 situounos perante o maior reto educativo dos últimos tempos. Todos os axentes educativos estamos a asumir responsabilidades ata o de agora descoñecidas, nun clima de alta incerteza que se estende a moitas das situacións que vivimos, e tamén a aquelas máis directamente relacionadas coa acción docente.

A día de hoxe non sabemos con certeza en que escenario transcorrerá o proceso de ensino-aprendizaxe no inicio de curso 2020-21. Agora ben, somos conscientes de que, se en situacións normais o comezo de curso é un momento sensible e importante, o impacto da situación extraordinaria vai incrementar a necesidade de traballar no inicio do curso 2020-21 os aspectos socioemocionais do alumnado e a posta en marcha de dinámicas de cohesión grupal que permitan o seu correcto desenvolvemento. Sen perder de vista a importancia doutros ámbitos de aprendizaxe, consideramos que é unha medida prioritaria a desenvolver nos nosos centros educativos coñecer e compartir as vivencias e experiencias do alumnado, as súas emocións e sentimentos tanto positivos como negativos, así como comprender as estratexias que desenvolveron para afrontar os acontecementos dos últimos meses e o nivel de impacto na súa situación de benestar actual.

Todo iso permitirá levar a cabo unha intervención educativa axustada a cada unha das realidades na que se atopan. Será fundamental, por tanto, que nesta **fase de acollida** acumúlense forzas e invístase tempo de calidade no coñecemento e mellora do benestar socio-emocional de todo o alumnado (e da comunidade educativa en xeral).

Doutra banda, a pandemia e a situación de emerxencia sanitaria supuxeron novas aprendizaxes, tanto no ámbito persoal como colectivo, nos sistemas que organizan as nosas vidas e nos modos de relación tanto no ámbito social como educativo. A escola está a ter a oportunidade de recoñecer e poñer en valor as situacións vividas, para permitir que o seu alumnado transfórmeas en aprendizaxes positivas, aprendizaxes para a vida.

A partir da información recollida, tanto no traballo realizado en xuño como na comunicación mantida coas familias, e a través da evocación de experiencias e

vivencias derivadas da situación de alarma, identificar sentimentos e emocións que contribúan á reconstrución socio-afectiva.

Así mesmo, identificar e valorar as estratexias de aprendizaxe e desenvolvemento persoal adquiridas a partir da experiencia vivida, para utilizalas en situacións de incerteza e de coidado mutuo.

Estrutura e contexto da proposta.

Finalidade:

As competencias emocionais son un subgrupo das competencias persoais e constitúen o conxunto de coñecementos e actitudes necesarios para comprender, expresar e regular adecuadamente os fenómenos emocionais das persoas.

Estrutúranse da seguinte maneira:

1. Conciencia emocional: permite percibir o ambiente emocional dun contexto e é a capacidade de apropiarse das propias emocións.
2. Regulación emocional: é a capacidade para manexar adecuadamente as emocións e auto-xestionar as emocións positivas.
3. Autonomía emocional: corresponde á autogestión persoal.
4. Competencias sociais: axudan a manter boas relacións con outras persoas.
5. Competencias para a vida e o benestar: son comportamentos adecuados e responsables para afrontar adecuadamente retos e situacións excepcionais.

Este modelo de competencias emocionais favorece unha mellor adaptación ao contexto e axuda a afrontar as circunstancias da vida con maiores posibilidades de éxito. A proposta que tes entre mans baséase neste modelo e unha vez garantida a elaboración de dinámicas de cohesión grupal para fomentar o bo ambiente na aula.

As actividades de educación en valores serán deseñadas polo profesorado do nivel, tomando como referencia os seguintes principios, fins e obxectivos:

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

- O esforzo individual e a motivación do alumnado.

- O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, Administracións, institucións e o conxunto da sociedade.

- A educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar. Letra k) do artigo 1 redactada polo apartado uno do artigo único da LOMCE. 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa («B.O.E.» 10 decembro).Vixencia: 30 decembro 2013

- O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero. Letra l) do artigo 1 redactada polo apartado uno do artigo único da LOMCE 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa («B.O.E.» 10 decembro).Vixencia: 30 decembro 2013

Artigo 2 Fins

O sistema educativo español orientarase á consecución dos seguintes fins:

a) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.

b) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.

c) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.

d) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio

ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable.

e) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.

Obxectivos:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

As directrices para a elaboración das programacións ou concrecións de aula son:

1º Fomentar a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

2º Promover o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

3º Promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

4º Traballar a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

5º Evitar os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

6º Incorporar elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

7º Incorporan elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

8º Incorporar no ámbito da educación e da seguridade viaria incorpóranse elementos curriculares e promóvense accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa

viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

6. Proxectos de traballo cooperativo

- **Proxecto lingüístico** vixente no centro.
- **Proxecto social:** Celebración do Día da muller traballadora
- **Proxecto interdisciplinar:** “O cambio climático”

Obxectivos:

- Coñecer o que significa o cambio climático
- Saber cales son os efectos do cambio climático (océano, seres vivos,...)
- Propor solucións para diminuír os seus efectos
- Buscar información para traballar neste proxecto e ser quen de transmitila aos demais.
- Ampliar o vocabulario referente ao proxecto.
- Elaborar diferentes tipos de textos sobre a información que se lles transmite.
- Utilizar datos sobre o proxecto para acadar obxectivos matemáticos.
- Utilizar diferentes técnicas na confección de traballos plásticos.

Actividades:

- Facer un labor de divulgación no centro e nas familias.
- Elaborar murais
- Visitar algún lugar onde poidan entender mellor o traballado neste proxecto, na medida do posible.
- Debate sobre si sería convinte reducir drasticamente os factores que producen o cambio climático.

7. Cualificacións e criterios de promoción do alumnado

Tendo en conta o artigo 5 da *Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* os resultados da avaliación expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT), e sobresaínte (SB), para as cualificacións positivas. A estes termos daráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala do un ao dez, coas seguintes correspondencias: Insuficiente (1, 2, 3 ou 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7 ou 8) e Sobresaínte (9 ou 10).

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada una das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior.

Os resultados da avaliación das competencias reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso, expresándose nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT), e sobresaínte (SB), para as cualificacións positivas

Ao rematar o curso e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de mestres que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a **promoción do alumnado**. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora. Para o cal seguiremos a *Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* e os criterios aprobados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro no curso 2026-2017, que son:

- Número de áreas suspensas (fundamentalmente as instrumentais)
- A madurez de cada alumno
- A situación socioeconómica e familiar de cada alumno

8. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado superdotado, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas e minimiza as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar as desigualdades sociais.

Ademais, suscítase como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

A nosa proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

- 1.ª Adoptar organizacións flexibles dentro da aula, con respecto polos principios básicos da organización e do funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intra grupais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
- 2.ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales fosen as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

3.^a Levar á práctica un programa de orientación e acción tutorial no centro.

Por conseguinte, o noso Proxecto Curricular suxire:

1.^o Facilitar, consolidar e desenvolver a socialización do alumnado, o que significa ensinarlle a aprender a convivir e a comportarse adecuadamente en grupo, a ser solidario, a cooperar e a respectar as normas; para isto, imponse a posta en práctica das teorías de grupo e de dinámica de grupo, aplicando os modelos, as estratexias e os estilos máis adecuados en cada caso.

2.^o Realizar adaptacións curriculares encamiñadas a dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe ou dificultades transitorias do alumnado (non significativas) e para aqueles casos nos que as diferenzas e as dificultades de aprendizaxe son máis permanentes ou graves (significativas).

3.^o Planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e acción tutorial que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES

As adaptacións curriculares deben dar resposta polo menos a tres tipos de dificultades básicas dos alumnos: as de acceso ao currículo, as de aprendizaxes concretas e as de capacidade xeral.

a) As de acceso ao currículo en realidade non son tales adaptacións, xa que a súa única pretensión é facilitar o acceso físico ou comunicativo para a integración no sistema educativo, respectando o principio de igualdade de oportunidades, porque moitas veces a dificultade non reside no que o alumnado ten que aprender, senón nos medios cos que conta o sistema educativo para poder ensinarlo (outra lingua materna, barreiras arquitectónicas, linguaxes alternativas, etc.).

b) As de aprendizaxes concretas deben facilitar aos alumnos e ás alumnas o acceso a determinados coñecementos e capacidades concretas, para resolver lagoas ou problemas producidos durante o proceso de aprendizaxe, como consecuencia de necesidades educativas especiais temporais ou permanentes.

c) As de capacidade xeral teñen a misión de pór en situación de aprendizaxe a aqueles alumnos e a aquelas alumnas que o requiran de forma global e permanente a causa das súas necesidades educativas específicas.

Estes dous tipos de adaptacións requiren a modificación e a adecuación dos métodos de ensinanza, dos obxectivos, dos contidos, das actividades, da temporalización, dos recursos e da avaliación. Para levalas a cabo, teremos que:

a) Introducir cambios nos bloques de contidos, dando prioridade a uns sobre outros, e reforzando e ampliando uns máis ca outros.

b) Adaptar o material didáctico e a metodoloxía.

c) Promover actividades diferenciadas e organizar grupos de traballo flexibles.

d) Variar o ritmo de introdución dos contidos e a organización e a secuenciación destes, se fose necesario.

En todas as áreas do currículo tense en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno na aula.

Hai un conxunto de Actividades de Reforzo e de Ampliación, que teñen por obxectivo ofrecer aos alumnos e alumnas a posibilidade de lograr o máximo desenvolvemento das competencias clave e os obxectivos da etapa.

9. Actividades complementarias e extraescolares

As actividades referidas en este apartado quedan condicionadas ao Plan de Adaptación a situación COVID 19 que se aprobe polo centro así como as situacións sanitarias de cada un dos momentos sendo valoradas polo Claustro docente a súa realización.

As actividades complementarias e extraescolares que se fagan durante o curso servirán de complemento para a aprendizaxe de contidos tratados nas distintas áreas.

Das actividades que vaian chegando, o nivel debatirá sobre cales son as máis convintes e adaptadas para a idade dos alumnos do nivel. Terán que ser aprobadas polo nivel e cumprir cos requisitos que alí se determinen, que figurarán no Plan do Centro.

Como ven sendo habitual, o nivel participará nas actividades programadas pola CCP, Equipo de actividades extraescolares e complementarias, Equipo de dinamización lingüística, Equipo de Biblioteca, Equipo de actividades deportivas... que xa contemplan as distintas Conmemoracións fixadas no calendario escolar.

10. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados e procesos de mellora

Ao final do curso valoraremos o grao de consecución de todo o programado para o curso e incluíremolo na memoria. As modificacións que sexan pertinentes, engadiranse na seguinte programación.

Esta avaliación será formativa e sumativa e avaliaremos todas as variables que interveñen no proceso de ensino – aprendizaxe: obxectivos, contidos, metodoloxía, temporalización, espazos...

Como **criterios** a ter en conta na elaboración do informe de autoavaliación da programación serán:

- As aprendizaxes acadadas polo alumnado foron as axeitadas.
- As necesidades do alumnado foron cubertas.
- O grao de consecución das competencias foi suficiente.
- Foi dabondo o tempo empregado na unidade.
- A organización do espazo foi axeitada ao noso grupo de alumnos.
- Os materiais utilizados resultaron suficientes, motivadores e atractivos.
- A coordinación entre os mestres.
- Rexistro de avaliación do proxecto educativo.

Como **procedementos**:

Realización dunha enquisa entre o alumnado sobre o grao de satisfacción co programa da materia.

Verificación do grao de cumprimento da programación.

Análise dos resultados das avaliacións.

Verificación da idoneidade dos instrumentos e procedementos de avaliación.

Verificación do grao de adecuación dos obxectivos e contidos ás características do centro e á contorna.

Verificación do grao de adecuación da metodoloxía empregada e dos materiais e recursos didácticos.

Valoración da idoneidade das actividades complementarias e extraescolares realizadas

11. Ensino non presencial

Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

Os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e as competencias imprescindibles son os establecidos no punto 4º desta concreción curricular.

Avaliación e cualificación.

Procedementos de avaliación.

Dentro dos procedementos de avaliación destacar os seguintes:

- Entrega de tarefas de cada unidade, para valorar os coñecementos (conceptos e relacións entre eles) a través da aula virtual.
- Observación diaria das actividades, para valorar a actitude e o grao de autonomía.
- Revisión de tarefas, para valorar o grao de autonomía e a actitude.
- Análise de traballos realizados, avaliándose a execución do traballo.

Instrumentos de avaliación:

- Rexistro individual.
- Diario de clase.
- Anecdario.
- Aula virtual.
- Correo electrónico.
- Actividades entregadas en papel.

Criterios de promoción e mínimos esixibles.

Os criterios de promoción e mínimos esixibles son os establecidos no punto 7º desta concreción curricular.

Alumnado con plan específico de reforzo e/ou recuperación e apoio.

Os/as docentes deseñarán as actividades para o alumnado con plan específico de reforzo e/ou recuperación e apoio facendo o seu seguimento a través da aula virtual e no caso de que non dispoñan de medios telemáticos a través de medios telefónicos. A entrega de tarefas será a través da aula virtual ou no seu defecto en papel. Os obxectivos a acadar son os mínimos esixibles planificados nos planes específicos de reforzo e/ou recuperación que se realicen ao longo do curso escolar 2021/2022 segundo as necesidades que vaian xurdindo.

Metodoloxía e actividades.

- Metodoloxía.
 - o Con conexión a internet:

As tarefas programaranse a través da aula virtual

- As actividades programaranse a través da aula virtual.
- A entrega de tarefas será programada por cada un dos docentes
- Os docentes corruxarán as actividades e enviarán a través da aula virtual as correccións oportunas.
- Poderase complementar a utilización da aula virtual co uso de google drive, bitácoras, vídeo conferencias, comunicación vía telefónica, correos electrónicos,...

- o Sen conexión a internet:

No caso de alumnado que non dispoña conexión a internet, as súas tarefas, programaranse polos docentes sendo enviadas en papel.

Unha vez feitas as actividades entregaranse no centro educativo para a súa corrección.

No caso de estar confinado e non poder saír do seu domicilio artellarase a maneira de que se entreguen as tarefas a cada un dos docentes para a súa corrección.

As correccións realizaranas os docentes e serán enviadas ao alumnado coa seguinte correspondencia de actividades a realizar.

As titorías e dúbidas que poidan xurdir realizaranse a través do teléfono.

Recursos.

- Informáticos:
 - Páxina web do centro
 - Aula virtual.
 - Abalarmóbil.
 - Correo electrónico de aula.
 - Ordenador, tableta ou teléfono móbil.
- Outros:
 - Libros de texto.
 - Fichas de ampliación e reforzo

ANEXO 1

Vinculación entre as competencias clave e os obxectivos da Ed. Primaria

| Competencias clave en matemáticas | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|----|----|
| 1. Competencia Lingüística. | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 2. Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 3. Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X | | X | X | X |
| 4. Aprender a aprender | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 5. Competencias sociais e cívicas | | X | X | | X | | X | X | X | X | | |
| 6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 7. Conciencia e expresións culturais | X | | | X | | | | | | | | |

| Competencias clave en lingua galega | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|----|----|
| 8. Competencia Lingüística. | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 9. Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía | | | X | | X | | | | X | | X | |
| 10. Competencia dixital | X | | X | X | X | X | | | | | | |
| 11. Aprender a aprender | | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 12. Competencias sociais e cívicas | X | X | X | X | X | X | X | X | | X | X | X |
| 13. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor | X | | | X | | X | | X | | | X | X |
| 14. Conciencia e expresións culturais | | | | | | | | X | X | | X | |

| Competencias clave en lingua castelá | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
|--|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|----|----|
| 15. Competencia Lingüística. | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 16. Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía | | | X | | X | | | | X | | X | |
| 17. Competencia dixital | X | X | X | X | | | X | X | X | X | | X |
| 18. Aprender a aprender | | | X | X | | X | X | | | | X | |
| 19. Competencias sociais e cívicas | | X | X | | X | | X | X | | X | | X |
| 20. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 21. Conciencia e expresións culturais | X | | X | X | X | X | | X | X | X | X | X |

| Competencias clave en ciencias sociais | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 22.Competencia Lingüística. | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 23.Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 24.Competencia dixital | X | | | X | X | X | X | X | X |
| 25.Aprender a aprender | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 26.Competencias sociais e cívicas | | | X | | X | | X | X | X |
| 27.Sentido da iniciativa e espírito emprendedor | | | | | | | | | |
| 28.Conciencia e expresións culturais | | | | X | | X | X | X | X |

| Competencias clave en ciencias da natureza | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 29.Competencia Lingüística. | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 30.Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 31.Competencia dixital | X | | | X | X | X | X | X | X |
| 32.Aprender a aprender | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| 33.Competencias sociais e cívicas | X | X | X | X | X | X | | X | X |
| 34.Sentido da iniciativa e espírito emprendedor | | X | X | X | | X | | | X |
| 35.Conciencia e expresións culturais | | | | | | X | | | X |

| Competencias clave en lingua inglesa | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|----|----|
| 36.Competencia Lingüística. | X | X | X | X | X | X | X | X | X | | | |
| 37.Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía | | | | | | | | | | | | |
| 38.Competencia dixital | | | | | | | | | | | | |
| 39.Aprender a aprender | | | | | | | | | | | | |
| 40.Competencias sociais e cívicas | | | | | | | | | | | | |
| 41.Sentido da iniciativa e espírito emprendedor | | | | | | | | | | | | |
| 42.Conciencia e expresións culturais | | | | | | | | | | | | |

ANEXO 2

Ciencias da Natureza

| ÁREA | CIENCIAS DA NATUREZA | | CURSO | QUINTO |
|--|--|---|--|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1 - INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Iniciación á actividade científica. ▪ B1.2. Emprego de diferentes fontes de información. ▪ B1.3. Lectura de textos propios da área. ▪ B1.4. Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados. ▪ B1.5. Uso progresivamente autónomo do tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, imaxes etc.). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT |

| ÁREA | CIENCIAS DA NATUREZA | | CURSO | QUINTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Xestión de ficheiros. | | <ul style="list-style-type: none"> para acceder á información dos textos de carácter científico. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.6. Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade. ▪ B1.8. Traballo individual e cooperativo. ▪ B1.9. A igualdade entre homes e mulleres. ▪ B1.10. A conduta responsable. ▪ B1.11. A relación cos demais. A resolución pacífica de conflitos. ▪ B2.12. Toma de decisións: criterios e consecuencias. ▪ B1.13. Desenvolvemento de | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia. ▪ B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. ▪ CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. ▪ CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CSC |

| ÁREA | CIENCIAS DA NATUREZA | | CURSO | QUINTO |
|---|---|---|---|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | <p>hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.14. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro. ▪ B1.15. Emprego de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade. ▪ B1.16. Elaboración de protocolos de uso das TIC na aula. ▪ B1.17. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e do seu poder de adición. | | <p>materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.3.3. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CD ▪ CAA ▪ CMCCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ e ▪ g | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.18. Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE |

| ÁREA | CIENCIAS DA NATUREZA | | CURSO | QUINTO |
|--|--|---|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i | <p>seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes.</p> | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE |
| BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. As funcións vitais no ser humano: recoñecemento da nutrición como unha función vital para os seres humanos. ▪ B2.2. Identificación dos aparellos relacionados con ela (aparellos respiratorios, dixestivo, circulatorio e excretor). ▪ B2.3. Recoñecemento das características básicas do sistema reprodutor humano e as diferenzas entre sexos. Funcionamento do sistema reprodutor. ▪ B2.4. Descrición dos sentidos e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. ▪ CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CMCCT |

| ÁREA | CIENCIAS DA NATUREZA | | CURSO | QUINTO |
|---|---|--|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | do sistema nervioso e valoración da súa importancia en relación co medio e co resto dos seres humanos. ▪ B2.5. O aparello locomotor. | | | |
| ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ h ▪ k ▪ m | ▪ B2.6. Saúde e enfermidade. Principais enfermidades que afectan aos aparellos e sistemas do organismo humano. ▪ B2.7. Hábitos saudables para previr enfermidades. ▪ B2.8. Trastornos alimenticios. ▪ B2.9. Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. ▪ B2.10. Tipos de dietas. Elaboración de menús saudables. Clasificación de alimentos. Análise de etiquetas de produtos. | ▪ B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida. | ▪ CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes. ▪ CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables. ▪ CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. | ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CSC |
| BLOQUE 3. OS SERES VIVOS | | | | |
| ▪ e ▪ h | ▪ B3.1. Seres vivos e seres inertes. Diferenciación. | ▪ B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, | ▪ CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, | ▪ CMCCT ▪ CCL |

| ÁREA | CIENCIAS DA NATUREZA | | CURSO | QUINTO |
|--|--|--|---|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | <ul style="list-style-type: none"> B3.2. Organización interna dos seres vivos e estrutura dos seres vivos: células, tecidos: tipos; órganos; aparellos e sistemas: principais características e funcións. | <ul style="list-style-type: none"> órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións. | <ul style="list-style-type: none"> aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles. | |
| <ul style="list-style-type: none"> e h l | <ul style="list-style-type: none"> B3.3. Os seres vivos: características, clasificación e tipos. B3.4. Os animais vertebrados e invertebrados, características e clasificación. B3.5. As plantas: a estrutura e fisioloxía. A fotosíntese. | <ul style="list-style-type: none"> B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. | <ul style="list-style-type: none"> CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. | <ul style="list-style-type: none"> CMCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. A iniciativa. O emprendemento. A automotivación. A autoproposta de desafíos. A importancia da iniciativa privada na vida económica e social. ▪ B1.7. Busca e elaboración de información por diversas fontes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.5.1. Identifica, define problemas sociais e cívicos e achega solucións potencialmente efectivas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia e achega solucións potencialmente efectivas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.6.1. Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | QUINTO |
|---|---|---|---|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Causas e consecuencias das accións propias. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. | unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. | solución antes de tomar unha decisión ética. | <ul style="list-style-type: none"> CSIEE |
| BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> m | <ul style="list-style-type: none"> B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos. | <ul style="list-style-type: none"> B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.1.1. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, para expresar con coherencia opinión, sentimentos e emocións. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.1.2. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais e debates. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CAA CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> b m e | <ul style="list-style-type: none"> B2.2. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar. | <ul style="list-style-type: none"> B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.2.1. Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.2.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CSIEE |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | QUINTO |
|---|---|---|---|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas. | <ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE CSC CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> c m e | <ul style="list-style-type: none"> B2.3. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación. | <ul style="list-style-type: none"> B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que iniben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.3.2. Comparte sentimentos durante o diálogo | <ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.3.3. Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.3.4. Recoñece os elementos que bloquean a comunicación en diferentes situacións. | <ul style="list-style-type: none"> CL CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> e m | <ul style="list-style-type: none"> B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables | <ul style="list-style-type: none"> B2.4. Empregar a aserción. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.4.1. Realiza unha defensa tranquila e respectuosa das posicións persoais. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CSIEE |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | QUINTO |
|--|--|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | empregando estratexias de comunicación construtivas. | | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> b m | <ul style="list-style-type: none"> B2.5.O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda. | <ul style="list-style-type: none"> B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.5.1. Infere, de xeito guiado, e dá o sentido adecuado á expresión das demais persoas. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.5.2. Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> c m | <ul style="list-style-type: none"> B2.6. A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo. | <ul style="list-style-type: none"> B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.6.1. Interacciona con empatía. | <ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.6.2. Emprega diferentes habilidades sociais. | <ul style="list-style-type: none"> CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> a o | <ul style="list-style-type: none"> B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. B2.8. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes | <ul style="list-style-type: none"> B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB2.7.1. Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais. | <ul style="list-style-type: none"> CSC |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | QUINTO |
|--|---|---|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ao propio. | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ m | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo. ▪ B2.10. Creación de textos empregando a linguaxe verbal e non verbal para comunicar ideas, sentimentos e situacións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.8.3. Consegue a aceptación dos compañeiros e compañeiras. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.8.4. Expón en historias creativas as características da relación da amizade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CAA |
| BLOQUE 3. CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ m | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | QUINTO |
|---|---|---|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | <p>Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2 Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisións. | <p>compartindo puntos de vista e sentimentos.</p> | <p>actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. ▪ B3.4. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.1. Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.3.1. Argumenta a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | QUINTO |
|--|---|--|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. | sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.3.3. Respecta as normas do centro escolar. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ m | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.4.2. Sigue as fases da mediación en situacións reais e simulacións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.4.3. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.4.4. Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. A responsabilidade social e a xustiza social. Identificación e análise | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Comprender o sentido da responsabilidade social e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.5.1. Razona o sentido da responsabilidade social e da xustiza | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | QUINTO |
|--|---|--|---|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | crítico das causas que provocan situacións de marxinación, de discriminación e de inxustiza social. | a xustiza social empregando a capacidade de reflexión, síntese e estruturación. | social. <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.5.2. Identifica e analiza criticamente desigualdades sociais. ▪ VSCB3.5.3. Describe condutas solidarias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ m | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Desenvolvemento de actitudes de comprensión, de superación de prexuízos e de estereotipos, de cooperación e de solidariedade ante problemas e necesidades doutras persoas. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Practicar o altruísmo no contorno próximo sensibilizando sobre o seu valor. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.6.1. Amósase xeneroso no seu contorno próximo. ▪ VSCB3.6.2. É capaz de sensibilizar sobre causas altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos. ▪ VSCB3.6.3. Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ m | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios: maltrato. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Crear un sistema de valores asumindo os dereitos e deberes do alumnado, realizando xuízos morais de situacións escolares e resolvendo dilemas morais | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.7.1. Coñece e respecta os dereitos e deberes do alumnado. ▪ VSCB3.7.2. Realiza xuízos morais de xeito guiado, de situacións escolares. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSC ▪ CSIEE |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | QUINTO |
|--|--|--|--|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Exclusión de minorías étnicas, os campos de concentración, o holocausto. Os dereitos e deberes do alumnado. | con supostos prácticos. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.7.3 Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas. | <ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> a d | <ul style="list-style-type: none"> B3.10. Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios: maltrato. Exclusións das minorías. | <ul style="list-style-type: none"> B3.8. Respectar os valores universais comprendendo a necesidade de garantir os dereitos básicos de todas as persoas. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.8.1. Argumenta o carácter universal dos dereitos humanos. VSCB3.8.2. Expón a importancia de que todas as persoas gocen dos dereitos básicos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica. VSCB3.8.3. Axuíza criticamente as circunstancias de persoas que viven en situacións de privación dos dereitos básicos. | <ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CSC CCL CSC CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> a d | <ul style="list-style-type: none"> B3.11. Convivencia pacífica en sociedade e valores nos que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura de paz. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos | <ul style="list-style-type: none"> B3.9. Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera | <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.9.1. Argumenta e expón mediante imaxes a importancia de garantir a igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra | <ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CSC |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | QUINTO |
|--|---|--|--|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | <p>que facilitan e dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais.</p> <ul style="list-style-type: none"> B3.12. Formas de discriminación: racismo, xenofobia, homofobia, transfobia, desigualdade de oportunidades. B3.13. Feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, campos de concentración, o holocausto e segregación por enfermidade. Análise. | <p>outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social.</p> | <p>condición ou circunstancia persoal ou social.</p> <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.9.2. Descubre e axuíza criticamente casos próximos de desigualdade e discriminación. | <ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> d m | <ul style="list-style-type: none"> B3.14. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá. | <ul style="list-style-type: none"> B3.10. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidades de homes e mulleres. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.10.1. Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres. VSCB3.10.2. Colabora con persoas doutro sexo en diferentes situacións escolares. VSCB3.10.3. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. | <ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE CSC CSIEE CSC CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> a | <ul style="list-style-type: none"> B3.15. Os valores sociais e a democracia. Os principios de | <ul style="list-style-type: none"> B3.11. Respetar os valores socialmente recoñecidos, | <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.11.1. Reflexiona sobre os dereitos e deberes da Constitución | <ul style="list-style-type: none"> CSC |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | QUINTO |
|---|--|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española. Dereitos e deberes. Características que debe posuír unha sociedade democrática. | coñecendo e apreciando os valores do Estatuto de autonomía e da Constitución española e os Dereitos e Deberes do Estatuto de autonomía e da Constitución española. Coñecer as institucións, organización e servizos públicos que garanten os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás no seu contorno. | Española. <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.11.2. Expresa a importancia de garantir os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás do seu contorno. VSCB3.11.3. Participa no benestar da contorna próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás. | <ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CSC CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> a | <ul style="list-style-type: none"> B3.16. Características da convivencia democrática. Valores cívicos na sociedade democrática: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, cooperación e cultura de paz. | <ul style="list-style-type: none"> B3.12. Coñecer e expresar as notas características da convivencia democrática e a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática realizando razoamentos críticos. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.12.1. Expresa as notas características da convivencia democrática. VSCB3.12.2. Argumenta a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática. | <ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CSC CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> h o i | <ul style="list-style-type: none"> B3.17. O respecto e a conservación do medio ambiente. A actitude crítica ante a falta de respecto e conservación do medio ambiente. B3.18 Realización e interpretación de gráficos sinxelos | <ul style="list-style-type: none"> B3.13. Contribuír á conservación do medio ambiente mantendo unha actitude crítica ante as faltas de respecto. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.13.1. Analiza, explica e expón as causas e consecuencias da intervención humana no medio. VSCB3. 13.2. Investiga criticamente a intervención humana no medio ambiente e comunica os resultados. | <ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE CSC CAA CSIEE |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | QUINTO |
|--|--|--|---|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> CMCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.13.3. Argumenta comportamentos de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio ambiente. | <ul style="list-style-type: none"> CSC CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> a i | <ul style="list-style-type: none"> B3.19. Condutas responsables no uso das TIC: autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético. Análise da realidade que presentan os medios de comunicación para desenvolver a capacidade crítica e responsable. | <ul style="list-style-type: none"> B3.14. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.14.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías. | <ul style="list-style-type: none"> CD CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.14.2. Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías. | <ul style="list-style-type: none"> CSC CD |
| <ul style="list-style-type: none"> n | <ul style="list-style-type: none"> B3.20. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e dos grupos de risco nos accidentes de tráfico. B3.21. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos. | <ul style="list-style-type: none"> B3.15. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico. | <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.15.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia e a promoción do respecto das normas de educación viaria. | <ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.15.2. Analiza información na prensa en relación cos accidentes de tráfico. | <ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CMCT CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> VSCB3.15.3. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de | <ul style="list-style-type: none"> CSC CD |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | QUINTO |
|---|---|--|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | tráfico coa axuda das novas tecnoloxías. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.15.4. Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCT ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.22. Busca, selección, análise e elaboración de informacións en relación cos accidentes de tráfico. ▪ B3.23. Comunicación da información elaborada por diferentes medios ▪ B3.24. Identificación de actitudes e estratexias individuais e colectivas de prevención de riscos viarios. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.16. Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico xerando iniciativas e alternativas persoais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.16.1. Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.16.2. Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.16.3. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSIEE |

Lingua Galega e Literatura

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|---|--|--|--|--------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR | | | | |
| a e | B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e distinguindo, de maneira xeral, información de opinión e elaboración dun resumo. | B1.1. Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos. | LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo. | CCL CAA |
| | | | LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo, de maneira xeral, información de opinión. | CCL CSC |
| b d | B1.2. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe. | B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como | LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información | CCL CD |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|-----------------------|---|---|--|---------------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| e i | B1.3. Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender. | instrumento de aprendizaxe. | relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. | CAA CSC |
| | | | LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación. | CCL CD CAA CSIEE |
| a b c e o | B1.4. Interpretación elemental en textos orais da retranca, da ironía e de dobres sentidos. | B1.3. Interpretar correctamente a retranca, a ironía e os dobres sentidos, en situacións de comunicación nas que estes resulten bastante evidentes. | LGB1.3.1. Interpreta en producións orais a retranca, a ironía e os dobres sentidos. | CCL |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|-----------------------|--|--|---|-----------------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| a b c e o | B1.5. Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates). | B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. | LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. | CCL CAA CSC CSEIEE |
| | | | LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas. | CCL CAA |
| | | | LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso. | CCL CSIEE CAA |
| | | | LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como | CCL |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|-------------|---|---|--|--------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | nos debates. | CSIEE CAA |
| | | | LGB1.4.5. Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación e axusta a esta a súa produción. | CCL |
| a c e | B1.6. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas). | B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais. | LGB1.5.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. | CCL CSC |
| | | | LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais. | CCL CSC |
| a c | B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a | B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula | LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. | CCL CSC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|------------|---|---|--|--------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| d e | favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados). | amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. | | CAA |
| | | | LGB1.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela. | CCL CSC CCEC |
| | | | LGB1.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión. | CCL CSC CCEC |
| | | | LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume. | CCL CSC CCEC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|-------------|--|---|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | LGB1.6.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. | CCL CSC CCEC CAA |
| a b e | B1.8. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade, incorporación das intervencións das demais persoas e formulación de preguntas coherentes. | B1.7. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados. | LGB1.7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á situación. LGB1.7.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando nexos básicos adecuados. LGB1.7.3. Emprega o rexistro lingüístico (formal ou informal) | CCL CAA CCL CCL CSC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|-------------|--|--|---|----------------------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | adecuado a cada contexto. | |
| | | | LGB1.7.4. A moso un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega. | CCL CCEC |
| b e i | B1.9. Produción de textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación social mediante simulación para ofrecer e compartir información. | B1.8. Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación. | LGB1.8.1. Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación. | CCL CD CAA CSIEE CSC |
| d e | B1.10. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (miradas e posturas corporais). | B1.9. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe non verbal. | LGB1.9.1. Utiliza a expresividade corporal: miradas e postura corporal para reforzar o sentido das súas producións orais. | CCL CCEC CSC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|------------------|---|---|--|-----------------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | CAA |
| b d e | B1.11. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. | B1.10. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. | LGB1.10.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | CCL CAA CSIEE |
| e o | B1.12. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. | B1.11. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. | LGB1.11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo. | CCL CAA CCEC CSIEE |
| a d e o | B1.13. Uso, de maneira xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | B1.12. Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | LGB1.12.1. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe non sexista. LGB1.12.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas | CCL CSC CCL |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|------------------|--|---|---|--------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | diferenzas. | CSC |
| a d e o | B1.14. Recoñecemento e valoración, de maneira global, das diferenzas dialectais orais da lingua galega, como elemento enriquecedor da lingua. | B1.13. Recoñecer, de maneira global, e valorar as diferenzas dialectais orais da lingua galega. | LGB1.13.1. Recoñece textos orais sinxelos pertencentes a diferentes variedades dialectais moi evidentes da lingua galega. | CCL CCEC |
| | | | LGB1.13.2. Valora as diferenzas dialectais orais da lingua galega como un símbolo de riqueza lingüística e cultural e o estándar como variante unificadora. | CCL CSC CCEC |
| a d e o | B1.15. Identificación da lingua galega con calquera contexto de uso oral da lingua en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | B1.14. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral. | LGB1.14.1. Identifica a lingua galega oral con calquera contexto profesional: sanidade, educación, medios de comunicación... | CCL CCEC |
| | | | LGB1.14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | CCL |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|-------------------------------------|---|--|--|--------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | descoñecidas. | CCEC CSC |
| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER | | | | |
| b e i j o | <p>B2.1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia, normas, programas de actividades, convocatorias.</p> <p>B2.2. Comprensión de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia e na entrevista para obter información xeral, localizando informacións destacadas.</p> <p>B2.3. Comprensión de textos sinxelos do ámbito escolar en soporte papel ou</p> | <p>B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dotes sentidos bastante evidentes.</p> | LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. | CCL CD CSC |
| | | | LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo). | CCL |
| | | | LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e | CCL CAA |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|------------|---|-------------------------|--|---------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios). | | expresións polo contexto. | CSIEE |
| | | | LGB2.1.4. Interpreta, personificacións, hipérboles, ironías e dobres sentidos en textos. | CCL CAA CSIEE |
| | | | LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas). | CCL |
| | | | LGB2.1.6. Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferencia, de maneira xeral, información, opinión e publicidade de carácter bastante evidente. | CCL CAA |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|------------|---|---|--|------------------------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos. | CCL CAA CSIEE |
| | | | LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento. | CCL CAA CSIEE |
| b e | B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender, identificando e interpretando, con especial atención os datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e ilustracións. | B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes. | LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña. | CCL CAA CSC CSIEE CMCT |
| b | B2.5. Subliñado, esquematización e | B2.3. Realizar o subliñado das | LGB2.3.1. Realiza o subliñado das | CCL |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|------------|--|---|---|---------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| e | resumo da información relevante dun texto sinxelo. | ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido. | ideas principais dun texto sinxelo. | CAA |
| | | | LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias. | CCL CAA |
| | | | LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo. | CCL CAA |
| b e | B2.6. Uso de certas estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...). | B2.4. Utilizar certas estratexias para mellorar a lectura. | LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións. | CCL CAA CSIEE |
| | | | LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso. | CCL CAA CSIEE |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|-------------|---|---|--|---------------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| b e i | B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información. | B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo. | LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade. | CCL CD CAA |
| | | | LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade. | CCL CD |
| | | | LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto. | CCL CAA CD CSIEE |
| b e | B2.8. Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de | B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura. | LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de | CCL CSIEE |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|-------------|---|--|--|---------------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| o | problemas. | | aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas. | CAA |
| a b e | B2.9. Lectura expresiva de textos literarios e non literarios, de diferente tipoloxía textual. B2.10. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios. | B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar, facendo participar a audiencia da súa interpretación. | LGB2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras. | CCL CAA |
| | | | LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión. | CCL |
| | | | LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados. | CCL |
| | | | LGB2.7.4. Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información... | CCL CAA CSC |
| | | | LGB2.7.5. Fai lecturas | CCL |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|------------------|--|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | dramatizadas de textos. | CSC |
| a b e i | <p>B2.11. Uso da biblioteca de aula e do centro, amosando certo coñecemento da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades literarias e na elaboración de propostas.</p> <p>B2.12. Comezo no uso das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita.</p> | B2.8. Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con certa autonomía, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora. | <p>LGB2.8.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.</p> <p>LGB2.8.2. Usa a biblioteca de centro con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.</p> <p>LGB2.8.3. Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con certa autonomía.</p> | <p>CCL CAA CSC</p> <p>CCL CAA CSC</p> <p>CCL CAA CD</p> |
| a | B2.13. Mantemento adecuado e | B2.9. Ter interese por ter unha biblioteca propia, física ou | LGB2.9.1. Aмосa interese pola conservación e organización dos | CCL |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|------------------|---|--|---|---------------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| b e | ampliación da biblioteca persoal. | virtual. | seus libros físicos e/ou virtuais. | CAA CSC |
| a b e | B2.14. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias. | B2.10. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | LGB2.10.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | CCL CAA CSC CCEC |
| a b e m | B2.15. Desenvolvemento da autonomía lectora, amosando capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais. | B2.11. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. | LGB2.11.1. Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades. | CCL |
| | | | LGB2.11.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas. | CCL CSC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|--|---|---|--|--------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | CAA CSIEE |
| a d e o | B2.16. Análise de textos sinxelos escritos en diferentes variedades, bastante evidentes, da lingua galega. | B2.12. Analizar textos sinxelos escritos en diferentes variedades da lingua galega. | LGB2.12.1. Identifica, de maneira global, as diferenzas lingüísticas, bastante evidentes, das variedades da lingua galega. | CCL CCEC |
| | | | LGB2.12.2. Valora a variedade interna da lingua como símbolo de riqueza lingüística e cultural, así como o estándar como variante unificadora. | CCL CSC CCEC |
| BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR | | | | |
| a b | B3.1. Uso, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas, | B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do | LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a | CCL CSIEE |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | QUINTO |
|------------|---|-------------------------|---|---------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| e | puntuación, coherencia e cohesión...) e revisión como partes do proceso escritor. | texto. | información, mediante notas, esquemas ou guións. | CAA |
| | | | LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados. | CCL CAA CSIEE |
- Completar frases sobre as actividades de fin de semana cos adverbios de frecuencia.

| The weekend's here! - Lección 3 ⁵ (SB pp.20, 68, 71; TG pp.66-67) | | | |
|--|--|--|---|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <ul style="list-style-type: none"> - Practicar destrezas de comprensión oral. - Comentar o seu deporte favorito. - Entender, identificar e utilizar adverbios de frecuencia. - Identificar similitudes en dous textos sobre rutinas. | <p>Warmer Exponse o póster e revísanse as expresións. Nomean os adverbios de frecuencia e anótanse no encerado. Xogan por equipos a adiviñar a frecuencia con que o profesor realiza as actividades do póster.</p> <p>1. Watch the vídeo "The weekend's here". Then, read the sentences and say True or False. Observan a fotografía e descríbena. Ven o vídeo dúas veces e len as oracións, identificando se son verdadeiras ou falsas.</p> <p>Share your comment Len o comentario e pensan na súa actividade favorita. Por grupos pequenos, comentan a súa actividade favorita e con que frecuencia a realizan.</p> <p>2. Listen and find two sentences from the table. Visualizan a presentación de gramática e revisan a táboa sobre: <i>Adverbs of frequency</i>. Len as oracións. Escoitan un texto e identifican dous oracións da táboa de gramática.</p> <p>3. Listen and read. Then find three similarities. Len e escoitan os textos. Buscan as similitudes entre as dúas persoas dos textos.</p> | <p>LL - Os alumnos utilizan as súas destrezas de comprensión oral, observación e memoria para decidir se as oracións son verdadeiras ou falsas.</p> <p>MST - Os alumnos desenvolven a súa destreza de interpretar unha táboa.</p> <p>LC - Os alumnos reforzan a súa comprensión xeral seguindo dous textos.</p> <p>SCC - Aprenden interacción social básica, colaboración e a turnarse, traballando por parellas para xogar a un xogo de adiviñar.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Teacher's i-solutions - Poster U2 - CD 1 - Unha pelota |

⁵ GO Innovate!: Flipped Learning

| | | | |
|--|--|--|--|
| | <p>Pair work Completan unha actividade por parellas describindo unha imaxe cada un para adiviñar os adverbios.</p> <p>Wrap-up Xogan a un xogo por equipos, gañando puntos por cada resposta correcta ás preguntas do profesor. Gañan puntos extra se encestan a pelota na papeleira.</p> | | |
|--|--|--|--|

| |
|--|
| The weekend's here! - Lección 3 |
| <p>Activity Book: - Completan as actividades propostas para a lección (p.16).</p> |
| <p>Atención á diversidade: - Fast finishers: len os textos do exercicio 3 e atopan similitudes entre as rutinas de Elsa e as de Carl.</p> |
| <p>Actividades extra: - TG (p.67): escriben o seu propio comentario seguindo o exemplo do libro. Lense ao azar para que o resto da clase adiviñe o autor entre tres posibilidades.</p> |
| <p>Go Further Booklet: - Completan as actividades de gramática (p.4).</p> |
| <p>Avaliación continua (Competencias clave): Son capaces de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lembrar o vídeo para identificar oracións verdadeiras ou falsas. - Identificar dúas oracións nunha táboa. - Entender os textos para atopar similitudes. - Traballar por parellas eficientemente e turnándose para falar e adiviñar. |
| <p>Avaliación continua (Contidos): Son capaces de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribir un breve texto sobre o día dun personaxe famoso utilizando os adverbios de frecuencia. |

| The weekend's here! - Lección 4 (SB p.21; TG pp.68-69) | | | |
|---|---|--|---|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <p>CLIL (Maths): Pie charts</p> <ul style="list-style-type: none"> - Contestar preguntas sobre o mundo. - Practicar as destrezas de comprensión oral e escrita. - Escribir oracións correctas baseadas nun texto factual. | <p>Warmer Escríbense tres descrições no encerado, nunha columna: <i>blue eyes, glasses, black shoes</i>. Os alumnos con estas características levantan a man, cóntanse e anótanse as cantidades na columna correspondente. Contan os paliños de cada columna.</p> <p>1. Look and answer. Introdúcese o tema das enquisas e o seu uso. Len o texto rapidamente e contestan as dúas preguntas.</p> <p>2. Read and listen. Len e escoitan o texto. Un voluntario explica a imaxe da gráfica.</p> <p>3. Do a survey. Then make a pie chart in your notebook. Len as instrucións para elaborar unha enquisa. Realizan a enquisa preguntando aos seus compañeiros de clase, contan os resultados e elaboran unha gráfica sobre os datos obtidos.</p> <p>Fun fact Len a información sobre os nomes que reciben as gráficas en distintos países.</p> <p>Go online Len a pregunta e buscan a información en Internet.</p> <p>My new words Anotan as palabras no caderno ou libro de vocabulario en orde alfabética. Escriben frases coas palabras para lembralas ou realizan un debuxo e o etiquetan.</p> <p>Wrap-up Por grupos, comparten os datos obtidos nas súas enquisas.</p> | <p>LL - Os alumnos practican a lectura rápida para atopar respostas rapidamente.</p> <p>MST - Os alumnos desenvolven as súas destrezas matemáticas ao elaborar unha táboa de rexistro e converter os datos nunha gráfica.</p> <p>IE - Os alumnos utilizan a súa iniciativa para elixir unha pregunta, a quen preguntar e despois elaborar a gráfica.</p> <p>DC - Os alumnos utilizan Internet para atopar a resposta á pregunta.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Teacher's i-solutions - CD 1 |

| |
|--|
| The weekend's here! - Lección 4 |
| Activity Book: - Completan as actividades propostas para a lección (p.17). |
| Atención á diversidade: - Fast finishers: escriben outra pregunta para a enquisa. |
| Actividades extra: - TG (p.69): preparan unha enquisa para casa. Rexistran os seus resultados para reportalos na seguinte clase. |
| Actividades de extensión: - Visualizan o vídeo: <i>Anyone for a piece of pie?</i> |
| Avaliación continua (Competencias clave): Son capaces de: - Ler un texto por encima para atopar respostas. - Elaborar unha táboa de rexistro e utilizar a información para elaborar unha gráfica. - Utilizar as súas propias ideas para crear unha gráfica. - Utilizar Internet para buscar o que é un pictograma. |
| Avaliación continua (Contidos): Son capaces de: - Participar, formular preguntas e responder as preguntas para completar a enquisa. |

| The weekend's here! - Lección 5 ⁶ (SB pp.22-23; TG pp.70-71) | | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <p>- Desenvolver destrezas de expresión oral personalizadas.</p> <p>- Ler e escoitar unha historia descifrando o vocabulario clave nun contexto a medida que len.</p> <p>- Escanear o texto en busca de respostas.</p> <p>Our Values:</p> <p>- Reflexionar sobre a importancia de perseguir os sonhos.</p> | <p>Warmer</p> <p>Exponse o póster e tentan memorizar as expresións durante un minuto. Retírase o póster e escíbense as <i>collocations</i> no encerado para que os alumnos as completen.</p> <p>1. Talk about an interesting person you know.</p> <p>Observan o título da historia e nomean persoas interesantes que coñecen, tanto famosas como da súa contorna persoal e familiar.</p> <p>Top Tip!</p> <p>Len a información sobre a estratexia de comprensión escrita: utilizar un dicionario para as palabras que non coñecen.</p> <p>2. Read and listen.</p> <p>Escoitan a historia <i>Someone interesting!</i> léndoa no libro. Responden a pregunta expresando a súa opinión.</p> <p>3. Answer the questions in your notebook.</p> <p>Contestan as preguntas nos seus cadernos. Corríxense conxuntamente e un voluntario escribe as respostas no encerado.</p> | <p>IE - Os alumnos utilizan a súa iniciativa para identificar o que é interesante dunha persoa e falar sobre iso.</p> <p>SCC - A través da historia, os alumnos aprenden que todo o mundo é interesante de formas diferentes.</p> <p>LC - Os alumnos desenvolven as súas destrezas de comprensión oral e escrita seguindo unha narrativa e contestando a preguntas específicas.</p> <p>IE - Os alumnos identifican o seu soño persoal e utilizan as súas ideas para pensar sobre como poden conseguir os seus obxectivos.</p> | <p>- Teacher's i-solutions</p> <p>- CD 1</p> <p>- Poster U2</p> |

⁶ GO Innovate!: Thinking-based Learning

| | | | |
|--|--|--|--|
| | <p>Our values: <i>Follow your dreams!</i> Explícase o significado de soño como “ambición”. Elaboran un mapa conceptual cos soños comúns. Escriben un breve texto sobre como cren que será a súa vida dentro de cincuenta anos e elaboran un debuxo.</p> <p>Wrap-up Por parellas, preguntan e responden para identificar tres cosas interesantes do seu compañeiro para compartir co resto da clase.</p> | | |
|--|--|--|--|

| |
|--|
| The weekend's here! - Lección 5 |
| <p>Activity Book: - Completan as actividades propostas para a lección (p.18).</p> |
| <p>Atención á diversidade: - Fast finishers: escriben a súa parte favorita da historia e explican a súa elección.</p> |
| <p>Actividades extra: - TG (p.71): Colócanse as viñetas da historia desordenadas e os alumnos ordénanas correctamente por parellas.</p> |
| <p>Avaliación continua (Competencias clave): Son capaces de: - Falar sobre unha persoa interesante que coñezan. - Recoñecer que o personaxe da historia é unha persoa interesante. - Ler para entender información detallada e contestar as preguntas de comprensión. - Identificar os pasos necesarios para conseguir o seu soño.</p> |
| <p>Avaliación continua (Contidos): Son capaces de: - Identificar os erros dunha historia contada polo profesor.</p> |

| The weekend's here! - Lección 6 ⁷ (SB p.24; TG pp.72-73) | | | |
|---|---|---|--|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <p>- Practicar a comprensión e expresión detallada para atopar información incorrecta nun texto.</p> <p>- Practicar as preguntas e respostas sobre frecuencias de forma comunicativa.</p> | <p>Warmer Revisanse os adverbios de frecuencia aprendidos na unidade debuxando unha liña no encerado para que os alumnos a completen ordenando os adverbios pola súa frecuencia.</p> <p>1. Read Freya's notes. Then, listen and say True or False. Len as notas. escoitan un texto e identifican se as notas son verdadeiras ou falsas.</p> <p>Go back and look! Len o recadro <i>Remember!</i> sobre: <i>once</i> e <i>twice</i>. Revisan a historia da lección anterior para localizar adverbios de frecuencia.</p> <p>2. Ask and answer in pairs. Por parellas, túnanse para preguntar e responder sobre a frecuencia coa que realizan as actividades representadas polas imaxes.</p> <p>Wrap-up Exponse as <i>flashcards</i> e túnanse para preguntar por parellas sobre a frecuencia coa que realizan as actividades.</p> | <p>LC - Os alumnos reforzan os seus coñecementos sobre as preguntas e respostas de frecuencia.</p> <p>SCC - Os alumnos aprenden interacción social básica traballando por parellas, turnándose e escoitándose mutuamente.</p> | <p>- Teacher's i-solutions</p> <p>- CD 1</p> <p>- Flashcards</p> |

⁷ GO Innovate!: Cooperative Learning

The weekend's here! - Lección 6

Activity Book:

- Completan as actividades propostas para a lección (p.19).

Atención á diversidade:

- Fast finishers: elixen tres preguntas do exercicio 1 e escriben as respostas verdadeiras para eles nos seus cadernos.

Actividades extra:

- TG (p.73): escriben preguntas sobre os seus *hobbies*. Preguntan e responden por parellas e repórtano para o resto da clase.

Go Further Booklet:

- Completan as actividades de gramática (p.5).

Avaliación continua (Competencias clave):

Son capaces de:

- Ler e escoitar detalladamente para identificar información falsa.
- Turnarse para preguntar e responder por parellas.

Avaliación continua (Contidos):

Son capaces de:

- Escribir a orde correcta das palabras nunhas oracións.

| The weekend's here! - Lección 7 (SB p.25; TG pp.74-75) | | | |
|---|--|---|---|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <ul style="list-style-type: none"> - Practicar a escoita e a lectura. - Escribir palabras en orde alfabética. - Practicar a comprensión lectora para entender información detallada e contestar preguntas. | <p>Warmer Dítanse seis palabras (<i>antelope, camel, elephant, giraffe, rhino, zebra</i>) para que os alumnos identifiquen o que notan da listaxe. Introdúcese o concepto de orde alfabética.</p> <p>1. Listen and read. Debaten sobre a importancia de utilizar os dicionarios. Escoitan o texto á vez que o len. Repártense os dicionarios e compiten para localizar palabras rapidamente.</p> <p>2. Write in alphabetical order in your notebook. Escriben as palabras das listaxes en orde alfabética. Intercambian os cadernos por parellas e corríxen as respostas do compañeiro.</p> <p>3. Read and answer. Len o texto e contestan as dúas primeiras preguntas independentemente. Debaten a terceira pregunta por grupos pequenos. Escriben unha entrada dun diario sobre o seu fin de semana no AB.</p> <p>Top Tip! Len a información sobre a orde dos adverbios e o verbo <i>to be</i>.</p> <p>Wrap-up Colócanse en fila segundo a orde alfabética dos seus nomes.</p> | <p>LC - Os alumnos desenvolven o seus coñecementos sobre como se ordenan as palabras no dicionario.</p> <p>LL - Os alumnos aplican os seus novos coñecementos para ordenar grupos de palabras alfabeticamente.</p> <p>LC - Os alumnos desenvolven as súas destrezas de comprensión lectora e comprensión da linguaxe clave.</p> <p>IE - Os alumnos desenvolven a súa autonomía e iniciativa para traballar individualmente.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Teacher's i-solutions - CD 1 - Flashcards U2 - Dicionarios |

The weekend's here! - Lección 7

Activity Book:

- Completan as actividades propostas para a lección (p.20).

Atención á diversidade:

- Fast finishers: escriben unha listaxe de palabras en orde alfabética.

Actividades extra:

- TG (p.75): repártense as *word cards* e colócanas alfabeticamente.

Avaliación continua (Competencias clave):

Son capaces de:

- escoitar e ler un texto para aprender como se organizan as entradas nun dicionario.
- Escribir palabras en orde alfabética.
- Entender o texto e contestar as preguntas para comprobar a comprensión.
- Tentar escribir sobre o seu fin de semana autonomamente.

Avaliación continua (Contidos):

Son capaces de:

- Escribir as actividades do fin de semana das *flashcards* por orde alfabética.

| The weekend's here! - Lección 8 (SB p.26; TG pp.76-77) | | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <ul style="list-style-type: none"> - Mellorar as destrezas de comprensión oral e escrita. - Practicar as destrezas de comprensión de detalles. - Expresar unha opinión. <p>Culture:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aprender sobre xardinaría en Reino Unido. | <p>Warmer Introdúcese o tema da lección sobre xardinaría. Por parellas escriben tantas palabras como poidan de obxectos, animais e plantas que se poden atopar nun xardín.</p> <p>1. Read and listen. Realízanse predicións sobre o contido do texto observando as fotografías. Escoitan e len o texto: <i>My gardening blog</i>. Cos libros sobre as súas cabezas, compiten para atopar as frases o máis rápido posible que nomea o profesor.</p> <p>2. Answer the questions in your notebook. Contestan as preguntas nos seus cadernos e comparan as respostas por parellas antes da revisión conxunta de clase.</p> <p>Your go! Len as preguntas e expresan a súa opinión sobre os xardíns que se mencionan no blog.</p> <p>My new words. Escriben as palabras nos seus cadernos e despois escriben frases con elas ou realizan un debuxo.</p> <p>Wrap-up Por parellas, túnanse para ler o blog de xardinaría en voz alta.</p> | <p>MST - Os alumnos aprenden sobre plantas de tempada e sobre a importancia das lombrigas.</p> <p>LC - Os alumnos desenvolven as súas destrezas de comprensión de información detallada en textos orais e escritos.</p> <p>IE - Os alumnos formulan e despois comparten as súas propias ideas e opinións.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Teacher's i-solutions - CD 1 |

The weekend's here! - Lección 8

Atención á diversidade:

- Fast finishers: buscan información sobre o xardín de cactus de Lanzarote / escriben un comentario sobre un xardín ou parque que coñecen.

Actividades extra:

- TG (p.77): cos ollos pechados, imaxinan estar nun bonito xardín no verán. O profesor formula algunhas preguntas, pensan nelas e despois escriben as respostas nos seus cadernos.

Actividades de extensión :

- Visualizan o vídeo: *The weird world of gardening and plants*.

Avaliación continua (Competencias clave):

Son capaces de:

- Seguir e comprender o texto.
- Ler para entender detalles e poder contestar as preguntas de comprensión.
- Expresar unha opinión.

Avaliación continua (Contidos):

Son capaces de:

- Identificar as respostas correctas do texto.

| The weekend's here! - Unit Review ⁸ (SB p.27; TG pp.78-79) | | | |
|---|--|---|--|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| - Revisar o vocabulario e estruturas da unidade 2. | <p>Warmer Exponse o póster e o profesor elixe unha actividade. A clase ten que adiviñala realizando un máximo de 4 preguntas.</p> <p>1. Listen and say the name. Escoitan as descrições e identifican o nome do neno ao que se refiren.</p> <p>2. Copy and complete. Completan as oracións coa información da táboa anterior.</p> <p>3. Read and match. Len as preguntas e relaciónanas coas respostas por parellas.</p> <p>Test yourself: Realizan unha competición por parellas ou grupos pequenos escribindo todos os <i>hobbies</i> de fin de semana nun máximo de dous minutos.</p> <p>Wrap-up Compenen por equipos sobre o contido da unidade.</p> | <p>MST - Os alumnos utilizan o seu razoamento matemático para interpretar a información dunha táboa.</p> <p>LC - Os alumnos desenvolven as súas destrezas de escritura utilizando a linguaxe clave da unidade.</p> <p>SCC - A través da actividade, os alumnos comprenden as responsabilidades de coidar dun can.</p> | - Teacher's i-solutions - CD 1 - Poster U2 |

⁸ GO Innovate!: Situation-based Learning

| |
|--|
| <p>The weekend's here! - Unit Review</p> |
| <p>Activity Book:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Completan as actividades da páxina <i>Go again!</i> (p.21). - Completan as actividades da páxina <i>My new words</i> (p.65). |
| <p>Atención á diversidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fast finishers: escriben cinco oracións sobre os seus fins de semana, unha con cada adverbio e dúas delas han de ser falsas para que os compañeiros as adiviñen. |
| <p>Actividades extra:</p> <ul style="list-style-type: none"> - TG (p.79): os alumnos entrevistan o profesor practicando a estrutura <i>How often...?</i> |
| <p>Go Further Booklet:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Completan as actividades de aprender a aprender (p.39). |
| <p>Avaliación continua (Competencias clave):</p> <p>Son capaces de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interpretar a táboa para identificar o neno que se describe. - Copiar e completar oracións interpretando a táboa visual de actividades do fin de semana. - Relacionar preguntas e respostas sobre o coidado dun can. |
| <p>Avaliación final (Contidos):</p> <p>Son capaces de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nomear actividades e utilizar os adverbios correctamente tanto de forma falada como escrita. - Falar detalladamente sobre as súas actividades de fin de semana preferidas. - Intercambiar información utilizando os adverbios de frecuencia e preguntas de frecuencia. |
| <p>Avaliación unidade 2:</p> <p>Completan o test da unidade (TRB, pp.39-42).</p> <p>Completan o test do primeiro trimestre (TRB, pp.59-60)</p> |

Extended reading - Units 1 and 2: Making a difference

| Making a difference (SB pp.74-75; TG pp.80-81) | | | |
|---|--|---|---|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <ul style="list-style-type: none"> - Ler e escoitar para entender información detallada. - Responder as preguntas de comprensión. - Descifrar vocabulario clave nun texto. | <p>Before you read Exponse o tema da lección contando as accións que realiza o profesor axudando a outras persoas para marcar unha diferenza. Elabórase un mapa conceptual coas suxestións das accións dos alumnos. Expoñen as súas experiencias sobre accións para axudar a outras persoas, que supoñan marcar unha diferenza.</p> <p>1. Read. Escríbese o vocabulario no encerado para que os alumnos deduzan a actividade que realiza Finn para marcar a diferenza. Len o texto individualmente para identificar a información. Comentan por parellas accións que poderían realizar no colexio como axuda a outras persoas.</p> <p>2. Derek's interview. Introdúcense os pronomes relativos <i>what</i>, <i>who</i> e <i>why</i> escribíndoos no encerado. Escoitan e len o texto individualmente. Contestan as preguntas <i>What?</i>, <i>Who?</i> e <i>Why?</i> Sobre a información do texto, compáranas por parellas e despois revísase conxuntamente coa clase. Realizan un <i>role-play</i> por parellas sobre a entrevista.</p> <p>3. Riley's letter. Comentan a quen piden axuda normalmente, pondo exemplos. Len e escoitan a carta para pescudar que axuda pídelle Riley á súa avoa.</p> | <p>LL - Os alumnos consolidan o seu coñecemento do vocabulario e estruturas aprendidas ata o momento lendo e escoitando un texto.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Teacher's i-solutions - CD 1 - Papel continuo |

| | | | |
|---|---|--|--|
| | <p>After you read</p> <p>Contestan as preguntas por parellas e revísanse conxuntamente coa clase. leva a cabo unha treboada de ideas para propor accións para marcar a diferenza.</p> <p>Por grupos, elaboran un póster sobre as accións que poden facer para axudar a outras persoas.</p> <p>Expóñense os posters na aula e os alumnos van marcando as accións que van completando ao longo do curso.</p> | | |
| Making a difference. | | | |
| Activity Book: - Completan as actividades propostas para a lectura (p.58) | | | |

Project - Units 1 and 2: Our band

| Our band (SB p.80; TG pp.172-173) | | | |
|--|---|---|--------------------------------|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <ul style="list-style-type: none"> - Traballar en equipo. - Desenvolver destrezas sociais. - Aprender de forma alternativa. | <p>1. Work in groups. Choose a name for your band and think of three song titles. Fórmanse os grupos de traballo liderados por un alumno cada un. Elixen o nome da banda e levan a cabo unha treboada de ideas para elixir o título da canción, escribindo 3 posibles opcións.</p> <p>2. Take photos of the people in your band. Write a bio for each person. Toman unha fotografía de cada membro da banda e escriben unha breve biografía de cada compoñente.</p> <p>3. Write questions for an interview of your band. Here are some ideas. Then, prepare your answers and record the interview. Escriben preguntas para levar a cabo unha entrevista, con axuda das ideas propostas. Preparan as respostas e gravan a entrevista.</p> <p>4. Write some messages from your fans. Redactan algunhas mensaxes dos fans da súa banda.</p> <p>Present your band to the class. Fan unha presentación para o resto da clase sobre a súa banda.</p> | <p>LL - Os alumnos consolidan o seu coñecemento do vocabulario e estruturas aprendidas ata o momento completando un proxecto por equipos.</p> | <p>- Teacher's i-solutions</p> |

Unit 3: Books and films

| Books and films - Lección 1 (SB p.28; TG pp.84-85) | | | |
|--|--|---|---|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <p>- Introducir o vocabulario relacionado cos xéneros literarios e cinematográficos: <i>adventure, animation, comedy, detective, drama, fantasy, historical, horror, musical, science fiction</i>.</p> <p>- Practicar destrezas de comprensión oral escoitando diferentes xéneros.</p> <p>- Preguntar e responder preguntas.</p> | <p>Warmer Lese en voz alta a presentación do personaxe e tentan descubrir o seu xénero literario favorito. Practican os xéneros nomeando películas ou libros do xénero que di o profesor.</p> <p>1. Look and match in pairs. Listen and check. Then, listen and repeat. Observan as fotografías e relaciónanas cos xéneros literarios e cinematográficos por parellas. Escoitan a audición e comprobán as súas respostas. Repiten tras a audición prestando atención á pronuncia.</p> <p>Discovery task. 2. Listen and say the genre. Escoitan a gravación e identifican o xénero.</p> <p>3. Ask in pairs . Preguntan e responden por parellas sobre as súas películas favoritas e identificando o xénero.</p> <p>What do you know? Elaboran unha listaxe de títulos de películas e libros que coñecen en inglés.</p> <p>Wrap-up Exponse o póster e o profesor escribe nun anaco de papel algún elemento do póster. Os alumnos tratan de adiviñalo mediante preguntas.</p> | <p>CAE - Os alumnos amplían o seu coñecemento cultural aprendendo vocabulario para describir xéneros literarios e cinematográficos.</p> <p>LC - Os alumnos desenvolven as súas destrezas de comprensión oral escoitando descrições e identificando o xénero correcto.</p> <p>SCC - Os alumnos desenvolven as súas destrezas sociais preguntando e respondendo por parellas.</p> | <p>- Teacher's i-solutions - CD 1 - Poster U3</p> |

Books and films - Lección 1

Activity Book:

- Completan as actividades propostas para a lección (pp.22, 71).

Atención á diversidade:

- Fast finishers: escriben o vocabulario clave. Realizan un debuxo e escriben o título dun libro ou película para cada palabra.

Avaliación continua (Competencias clave):

Son capaces de:

- Identificar os xéneros.
- Nomear os xéneros das descrições correctamente.
- Traballar cooperativamente cun compañeiro.

Avaliación inicial (Contidos):

Son capaces de:

- Nomear os xéneros e o vocabulario relacionado con eles.
- Pronunciar os xéneros correctamente.

| Books and films - Lección 2 (SB p.29; TG pp.86-87) | | | |
|---|---|---|--|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <ul style="list-style-type: none"> - Introducir a linguaxe para expresar gustos. - Practicar a lectura detallada lendo e escoitando. - Practicar a resposta de preguntas para unha comprensión detallada. - Expresar a opinión sobre os xéneros literarios. | <p>Warmer Escríbense as dúas primeiras letras de cada xénero no encerado. Os alumnos traballan por parellas competindo para escribir cada xénero con axuda das iniciais. Exponse o póster e revisan as súas respostas.</p> <p>1. Listen and read. Debúxanse unhas emoticonas no encerado para que os alumnos escriban os verbos correspondentes. Responden as preguntas do profesor sobre a lectura. Observan as imaxes e identifican o xénero de cada libro. Escoitan e len o texto individualmente e confirman o xénero dos libros.</p> <p>2. Answer the questions. Len as preguntas e buscan as respostas no texto. Elixen un libro que se menciona no texto e argumentan porqué lles gustaría lelo ou non</p> <p>3. Listen to the children and choose a book. Observan os libros e identifican o seu xénero literario. Escoitan a gravación individualmente e sinalan o libro correcto. Nomean o título dos libros</p> <p>4. Ask a friend . Preguntan e responden por parellas seguindo o modelo do libro.</p> <p>Wrap-up Exponse o póster e nos seus cadernos debuxan unha táboa para clasificar os xéneros segundo as súas preferencias: <i>love, like, quite like, don't like, hate.</i></p> | <p>LC - Os alumnos desenvolven as súas destrezas de lectura e comprensión oral.</p> <p>LL - Os alumnos aprenden a revisar o texto para atopar a sección relevante para as respostas.</p> <p>CAE - Os alumnos usan os seus coñecementos culturais para identificar vocabulario relacionado con xéneros literarios e cinematográficos específicos.</p> <p>IE - Os alumnos aprenden a expresar as súas propias opinións.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Teacher's i-solutions - Poster U3 - CD 1 |

Books and films - Lección 2

Activity Book:

- Completan as actividades propostas para a lección (p.23).

Atención á diversidade:

- Fast finishers: contan os xéneros que se mencionan no texto da actividade 1.

Actividades extra:

- TG (p.87): dáse unha breve descrición dun libro ou película e os alumnos adiviñan o xénero.

Avaliación continua (Competencias clave):

Son capaces de:

- escoitar e ler un texto simultaneamente.
- Revisar o texto para atopar as respostas ás preguntas de comprensión.
- Entender as referencias culturais para identificar os libros.
- Expresar a súa opinión sobre diferentes xéneros.

Avaliación continua (Contidos):

Son capaces de:

- Escribir frases completas sobre libros/películas utilizando a táboa da actividade *Wrap-up*.

| Books and films - Lección 3 ⁹ (SB pp.30, 69, 72; TG pp.88-89) | | | |
|--|---|---|---|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <ul style="list-style-type: none"> - Practicar destrezas de comprensión oral e escrita. - escoitar para identificar dúas frases expresando o que lles gusta e o que non lles gusta. - Ler e identificar frases verdadeiras ou falsas. - Expresar unha opinión. | <p>Warmer Xogan a escribir palabras das categorías que nomea o profesor: <i>fruit, animal, film genre, famous person, sport, book title, country, mont</i>. Túrnanse por parellas para describir unha palabra da lista e adivíñala. Despois dan a súa opinión.</p> <p>1. Watch the vídeo “Books and films”. Then, read and say the name. Identifican os personaxes do pantallazo e escíbense os nomes no encerado. Len as citas da actividade 1 e compróbase a súa comprensión. Visualizan o vídeo dúas veces e volven ler as citas identificando quen di cada unha.</p> <p>Share your comment Len o comentario e reflexionan sobre os xéneros literarios. Expresan os seus gustos e opinións por parellas, argumentando as súas respostas.</p> <p>2. Listen and find two sentences from the table. Visualizan a presentación de gramática e revisan a táboa sobre: <i>expressing likes and dislikes</i>. Completan as oracións propostas polo profesor engadindo -s aos verbos que correspondan. Observan a táboa e escoitan a gravación identificando as frases que se mencionan.</p> | <p>LL - Os alumnos utilizan as súas destrezas de comprensión oral, observación e memoria para elixir as palabras correctas.</p> <p>LC - Os alumnos desenvolven as súas destrezas de comprensión oral e escrita.</p> <p>LC - Os alumnos reforzan o seu coñecemento dos verbos para expresar o que lles gusta e o que non lles gusta.</p> <p>IE - Os alumnos recoñecen similitudes e diferenzas ao descubrir diferentes opinións.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Teacher's i-solutions - CD 1 - Tiras de papel |

⁹ GO Innovate!: Flipped Learning

| | | | |
|--|--|--|--|
| | <p>3. Listen and read. Then, find two true sentences and correct the false sentences. Len e escoitan o texto individualmente. Despois lesen as oracións conxuntamente e os alumnos identifican se son verdadeiras ou falsas.</p> <p>Pair work Completan unha actividade por parellas turnándose para preguntar pola súa opinión.</p> <p>Wrap-up Escriben 3 oracións sobre o seu compañeiro utilizando a linguaxe clave. Comparten a súa descrición co resto da clase para adiviñar a quen se refire.</p> | | |
|--|--|--|--|

| |
|--|
| Books and films - Lección 3 |
| <p>Activity Book: - Completan as actividades propostas para a lección (p.24).</p> |
| <p>Atención á diversidade: - Fast finishers: len de novo o texto e buscan o que teñen en común con Tamsin, Flora ou Libby.</p> |
| <p>Actividades extra: - TG (p.89): escriben dúas oracións nos seus cadernos sobre o que lles gusta e o que non lles gusta, unha delas falsa. Divididos en dous grupos, túnanse para ler as súas frases e adiviñar a falsa.</p> |
| <p>Go Further Booklet: - Completan as actividades de gramática (p.6).</p> |
| <p>Avaliación continua (Competencias clave): Son capaces de: - Lembrar o vídeo para identificar ao falante correcto. - Identificar as frases que escoitan. - Ler en detalle para identificar oracións verdadeiras e falsas sobre o texto. - Preguntar a opinión de alguén.</p> |
| <p>Avaliación continua (Contidos): Son capaces de: - Identificar frases correctas e incorrectas. - Reformular as frases incorrectas corrixindo os erros.</p> |

| Books and films - Lección 4 ¹⁰ (SB p.31; TG pp.90-91) | | | |
|--|--|---|--|
| Objetivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <p>CLIL (Literature): Popular characters from books and films</p> <ul style="list-style-type: none"> - Practicar destrezas de comprensión oral. - Aprender vocabulario relacionado cos personaxes de libros e películas: <i>criminals, explorer, fight, spells, spies, young.</i> - Escanear o texto para identificar datos. | <p>Warmer Expóñense as <i>flashcards</i> e revísanse os nomes dos xéneros. Por parellas relacionan personaxes famosos cos distintos xéneros. Finalmente engaden mais personaxes a cada xénero por parellas.</p> <p>1. Look and answer. Observan a imaxe e comentan o que coñecen sobre Sherlock Holmes, Hermione Granger e Tintín. Elabórase unha descrición de cada personaxe no encerado coas suxestións dos alumnos. Contestan as preguntas da actividade.</p> <p>2. Read and listen. Escoitan e len o texto individualmente. Sinálase información sobre os personaxes no encerado e os alumnos identifican se é correcta ou incorrecta.</p> <p>3. Copy and write the names. Completan as oracións cos nomes dos personaxes dos textos anteriores. Intercambian os cadernos para revisar as súas respostas.</p> <p>Fun fact Len a información sobre o nome do can de tintín en diferentes idiomas.</p> | <p>CAE - Preséntase aos alumnos personaxes literarios populares como Sherlock Holmes, Hermione Granger e Tintín.</p> <p>LC - Os alumnos desenvolven as súas destrezas de lectura e comprensión oral e aprenden sobre personaxes populares de libros e películas.</p> <p>LC - Os alumnos poden desenvolver as súas destrezas de comprensión lectora identificando datos de cada personaxe.</p> <p>DC - Os alumnos utilizan Internet para acceder a información específica.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Teacher's i-solutions - CD 1 - Flashcards U3 - Tiras de papel |

¹⁰ GO Innovate!: Thinking-based Learning

| | | | |
|--|---|--|--|
| | <p>Go online Len a pregunta sobre os libros de Harry Potter e Tintín e buscan a información en Internet.</p> <p>My new words Anotan as palabras nos seus cadernos e escriben unha oración con cada unha.</p> <p>Wrap-up Dítanse unhas letras explicando que son as iniciais das palabras dunha oración do texto. Localizan a oración completa e continúan o xogo con outros exemplos</p> | | |
|--|---|--|--|

| |
|---|
| Books and films - Lección 4 |
| <p>Activity Book: - Completan as actividades propostas para a lección (p.25).</p> |
| <p>Atención á diversidade: - Fast finishers: escriben todos os datos que poden lembrar sobre Tintín, Hermione Granger e Sherlock Holmes.</p> |
| <p>Actividades extra: - TG (p.91): por grupos de 4 alumnos descifran os anagramas propostos (<i>tectivede, milsf, chwit, exerplor, piess, ghtfi</i>).</p> |
| <p>Actividades de extensión: - Visualizan o vídeo: <i>Do actors get stage fright?</i></p> |
| <p>Avaliación continua (Competencias clave): Son capaces de: - Recoñecer algún ou todos os personaxes. - Seguir e entender os textos sobre personaxes de ficción. - Relacionar os personaxes coas oracións. - Utilizar Internet para atopar a información sobre os libros.</p> |
| <p>Avaliación continua (Contidos): Son capaces de: - Escribir frases verdadeiras e falsas sobre os personaxes Hermione Granger, Sherlock Holmes e Tintín. - Identificar frases verdadeiras e falsas sobre os personaxes.</p> |

| Books and films - Lección 5 (SB pp.32-33; TG pp.92-93) | | | |
|---|--|--|--|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <p>- Utilizar a linguaxe da unidade para debater diferenzas entre amigos.</p> <p>- Practicar a lectura e comprensión oral para entender detalles nunha historia.</p> <p>- Escanear un texto para atopar respostas.</p> <p>Our values:</p> <p>- Reflexionar sobre a importancia de traballar en equipo.</p> | <p>Warmer</p> <p>Escríbese o título da historia no encerado e os alumnos adiviñan o xénero ao que pertencen. Nomean outros títulos de películas con varios xéneros.</p> <p>1. Do you often disagree with your friends?</p> <p>Exponse exemplos de temas sobre os que podemos non estar de acordo. Comentan se cren que é bo ou malo non estar de acordo cos amigos.</p> <p>Top Tip!</p> <p>Len a información sobre a lectura en voz alta: pensar en como senten os personaxes.</p> <p>2. Read and listen.</p> <p>Escoitan a historia seguíndoa no libro. Por grupos expoñen ideas sobre xéneros cinematográficos mixtos.</p> <p>3. Answer the questions in your notebook.</p> <p>Completan a tarefa individualmente contestando as preguntas nos seus cadernos e comparándoas por grupos.</p> <p>Our values: Together Everyone Achieves More</p> <p>Pensan sobre ocasións nas que fixeron algo en equipo, reflexionando sobre como axudou cada un e o que conseguiron. Comprenden que os personaxes traballaron como equipo centrándose nas súas propias fortalezas para traballar conxuntamente.</p> <p>Wrap-up</p> <p>Lévase a cabo unha enquisa da clase para comprobar a comprensión da historia.</p> | <p>SCC - Os alumnos céntranse nas relacións cos amigos e como poden estar en desacordo pero seguir sendo amigos.</p> <p>LC - Os alumnos desenvolven as súas destrezas de lectura e comprensión oral seguindo unha narrativa.</p> <p>LC - Os alumnos desenvolven as súas destrezas de lectura detallada.</p> <p>SCC - Os alumnos recoñecen que as persoas diferentes teñen destrezas e habilidades distintas o que é un elemento positivo para traballar en equipo.</p> | <p>- Teacher's i-solutions</p> <p>- CD 1</p> |

Books and films - Lección 5

Activity Book:

- Completan as actividades propostas para a lección (p.26).

Atención á diversidade:

- Fast finishers: escriben unha breve descrición do seu personaxe de película favorito.

Actividades extra:

- TG (p.93): len a historia en voz alta. Asígnanse os papeis dos personaxes por grupos e escenifican a historia.

Avaliación continua (Competencias clave):

Son capaces de:

- Identificar que teñen diferente opinión que os seus amigos.
- Seguir e entender unha historia.
- Ler en detalle para responder as preguntas de comprensión.
- Recoñecer que as diferenzas entre as persoas é algo positivo.

Avaliación continua (Contidos):

Son capaces de:

- Comprender a historia para responder as preguntas.

| Books and films - Lección 6 (SB p.34; TG pp.94-95) | | | |
|---|--|--|---|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <ul style="list-style-type: none"> - Practicar a audición e reprodución de diferentes adxectivos. - Comprender o significado de adxectivos para expresar a opinión. - Expressar a opinión sobre diferentes xéneros cinematográficos. | <p>Warmer Introdúcese o termo <i>adjectives</i>. Os alumnos nomean adxectivos que coñecen e pensan en adxectivos para describir unha película.</p> <p>1. Listen and repeat. Compróbase a comprensión dos adxectivos. Suxíren algo que lles provoque eses sentimentos. escoitan a gravación parando para repetir e fan os xestos apropiados .</p> <p>Go back and look! Revisan a historia da lección anterior competindo para atopar os adxectivos da actividade 1 e identificar o que non se atopa na historia.</p> <p>2. Read and complete the sentence in your notebook. Completan as oracións individualmente nos seus cadernos e revisan as respostas por parellas.</p> <p>3. Think of a film from each genre. Then say in pairs. Observan as imaxes identificando os distintos xéneros. Nomean unha película por parellas e un adxectivo que a describa para cada xénero.</p> <p>Wrap-up Por equipos, tentan adiviñar o adxectivo segundo a clave de números asignados.</p> | <p>LL - Os alumnos desenvolven a súa corrección na pronuncia repetindo os adxectivos.</p> <p>LC - Os alumnos amplían o seu vocabulario lendo un texto e identificando o adxectivo correcto.</p> <p>IE - Os alumnos utilizan a súa iniciativa para pensar en películas e expresar a súa propia opinión.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Teacher's i-solutions - CD 1 |

Books and films - Lección 6

Activity Book:

- Completan as actividades propostas para a lección (p.27).

Atención á diversidade:

- Fast finishers: elixen 3 adxectivos da actividade 1 e escriben unha oración personalizada coa linguaxe clave.

Actividades extra:

- TG (p.95): represéntase unha acción da actividade 1 mediante mímica para que os alumnos a adiviñen. Continúan xogando por parellas.

Avaliación continua (Competencias clave):

Son capaces de:

- Pronunciar os adxectivos correctamente.
- Relacionar os adxectivos coas opinións dos nenos correctamente.
- Preguntar as preguntas utilizando os seus propios exemplos e expresar a súa opinión.

Avaliación continua (Contidos):

Son capaces de:

- Copiar as definicións que se ditan.
- Escribir o adxectivo correspondente a cada definición por parellas.

| Books and films - Lección 7 (SB p.35; TG pp.96-97) | | | |
|---|---|---|--|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <ul style="list-style-type: none"> - Identificar cando utilizar as conxuncións <i>and</i> e <i>but</i>. - Practicar o uso das conxuncións en frases individuais. - Practicar a lectura da reseña dun libro e identificar exemplos da linguaxe clave. | <p>Warmer Xogan ao Bingo debuxando unha táboa nos seus cadernos, escribindo seis dos adxectivos da páxina 34 e tachándoos segundo se nomean.</p> <p>1. Listen and read. Escoitan e len as recomendacións sobre o uso de <i>and</i> e <i>but</i>. Redáctanse unhas oracións no encerado e os alumnos identifican os erros e engaden a conxunción correcta.</p> <p>2. Copy and complete with <i>and</i> or <i>but</i>. Completan as oracións coa conxunción correspondente por parellas, mostrando unha cartolina amarela para <i>and</i> e unha cartolina azul para <i>but</i>. Despois escribenas no caderno.</p> <p>3. Read and answer. Móstrase un libro en inglés, comentando a historia brevemente e expresando se lle gustou ao profesor ou non. Len a reseña e completan a actividade individualmente. Escriben unha reseña dun libro no AB, falando sobre o argumento, os personaxes principais e expresando a súa opinión. Previamente, elaboran unha listaxe de adxectivos para cada sección da reseña.</p> <p>Top Tip! Len a información sobre as expresións para as reseñas.</p> <p>Wrap-up Dítase a primeira metade dalgunhas oracións e os alumnos términanlas segundo o seu criterio.</p> | <p>LC - Os alumnos desenvolven o seu coñecemento das conxuncións lendo e escoitando exemplos.</p> <p>LL - Os alumnos poñen en práctica o que aprenderon para demostrar a súa comprensión.</p> <p>CAE - Introdúcese as seccións principais dunha reseña cinematográfica.</p> <p>IE - Os alumnos desenvolven as súas destrezas de escritura e utilizan a súa imaxinación e creatividade ao escribir as súas propias reseñas literarias.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Teacher's i-solutions - CD 1 - Cartolinas de cores |

Books and films - Lección 7

Activity Book:

- Completan as actividades propostas para a lección (p.28).

Atención á diversidade:

- Fast finishers: escriben oracións sobre eles utilizando *and* e *but*.

Actividades extra:

- TG (p.97): intercámbianse as reseñas por parellas, lenas e escriben un comentario sobre o libro.

Avaliación continua (Competencias clave):

Son capaces de:

- Identificar cando utilizar *but* e *and* correctamente nunha oración.
- Aplicar os seus novos coñecementos para completar a tarefa correctamente.
- Localizar as palabras e expresar unha opinión.
- Utilizar a linguaxe clave correctamente ao escribir as súas propias reseñas literarias.

Avaliación continua (Contidos):

Son capaces de:

- Ordenar oracións e engadir a conxunción adecuada, por parellas.

| Books and films - Lección 8 ¹¹ (SB p.36; TG pp.98-99) | | | |
|---|--|--|--|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| <ul style="list-style-type: none"> - Practicar a comprensión oral e escrita. - Practicar destrezas de comprensión detallada. <p>Culture:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aprender sobre un <i>tour</i> polos estudos de cinema de USA. | <p>Warmer Dítanse unhas preguntas sobre películas comprobando a ortografía. Van pola aula turnándose para preguntar e responder as preguntas.</p> <p>1. Read and listen. Observan as fotografías e descríbenas. Comentan o que saben acerca de Hollywood e elabórase un mapa conceptual no encerado. Escoitan o blog seguíndoo no libro, parando para comprobar a comprensión a través de preguntas.</p> <p>2. Read and say True or False. Len as oracións individualmente e deciden se son verdadeiras ou falsas. Comparan as respostas por parellas e despois revísanse conxuntamente. Corrixen as oracións falsas. Despois de ler o comentario buscan imaxes do Festival de Cinema de Cannes.</p> <p>Your go! Contestan as preguntas sobre o tour aos estudos de cinema e comentan os seus xéneros cinematográficos favoritos.</p> <p>My new words. Compróbase a comprensión das novas palabras. Os alumnos cópianas nos seus cadernos e debuxan diagramas de araña engadindo palabras relacionadas, con axuda dun dicionario.</p> | <p>CAE - Os alumnos descubren información sobre Hollywood e diferentes películas.</p> <p>LC - Os alumnos desenvolven as súas destrezas de lectura detallada.</p> <p>IE - Os alumnos formulan e despois comparten as súas propias ideas e opinións.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Teacher's i-solutions - CD 1 - Poster U3 |

¹¹ GO Innovate!: Cooperative Learning

| | | | |
|--|---|--|--|
| | <p>Wrap-up Estudan o texto durante 5 minutos para lembrar toda a información posible. Cos libros pechados contestan as preguntas do profesor de memoria.</p> | | |
|--|---|--|--|

| |
|--|
| Books and films - Lección 8 |
| <p>Atención á diversidade: - Fast finishers: atopan tres novas palabras no blog e buscan a súa definición no dicionario.</p> |
| <p>Actividades extra: - TG (p.99): buscan o título de películas famosas nomeadas para o Óscar ou doutros festivais de cinema.</p> |
| <p>Actividades de extensión: - Visualizan o vídeo: <i>The world of films</i> .</p> |
| <p>Avaliación continua (Competencias clave): Son capaces de: - Seguir e entender o texto sobre Hollywood. - Ler para comprender detalles e poder identificar frases como verdadeiras ou falsas.</p> |
| <p>Avaliación continua (Contidos): Son capaces de: - Identificar oracións verdadeiras ou falsas sobre os xéneros utilizando a linguaxe da unidade.</p> |

| Books and films - Unit Review ¹² (SB p.37; TG pp.100-101) | | | |
|--|--|---|--|
| Obxectivos da lección | Descrición das actividades | Competencias clave | Material didáctico |
| Formato e edición | Non edita nin organiza a transcripción da información. | Edita e organiza a transcripción, pero o fluxo de información non foi mellorado. | Edita e organiza a transcripción dunha forma que mellora o fluxo de información. | Edita e organiza a transcripción dunha forma que significativamente mellora o fluxo de información. |
| Introdución da entrevista | Necesita axuda en todos os aspectos da preparación dunha entrevista. | Pide permiso para realizar a entrevista, pero necesita recordatorios para presentarse e dicir por que quere entrevistar á persoa. | Preséntase e pide permiso para realizar a entrevista, pero necesita un recordatorio para que explique por que quere facer a entrevista. | Preséntase e explica por que quere entrevistar á persoa e pide permiso para realizar a entrevista. |
| Final da entrevista | Apesura o final da entrevista. Hai cambios bruscos de tema na formulación das preguntas. | Algunha vez interrompe ou apresura á persoa entrevistada. | Obsérvanse certas interrupcións de tema. Agradece ao entrevistado a súa disposición. | Non se observa interrupción brusca de tema. Non se apresura o final. Agradece ao entrevistado a súa presenza. |

Rúbrica da interacción en grupo

ALUMNO.....

| | En vías de adquisición | Adquirido | Avanzado | Excelente |
|------------------------------------|---|---|---|---|
| Planificación | Realiza un argumento incompleto, sen terminar. | Realiza un argumento que non se corresponde totalmente coa actividade. | O argumento correspóndese coa actividade. | Realiza unha análise previa para preparar a actividade. O argumento correspóndese coa actividade. |
| Claridade | Non fala claramente e/ou ten erros de pronuncia (máis dun). | Fala claramente case sempre aínda que con algúns erros de pronuncia (un ou máis). | Fala claramente sempre, pero ten erros de pronuncia (un ou máis). | Fala claramente sempre e non ten erros de pronuncia. |
| Postura do corpo e contacto visual | Ten mala postura e/ou non mira ás persoas durante a actividade. | Algunhas veces ten boa postura e establece contacto visual. | Ten boa postura e establece contacto visual durante a actividade. | Ten boa postura, vese relaxado e seguro de si. Establece contacto visual durante a actividade. |
| Precisión | Os argumentos non están citados con precisión ou non hai feitos citados. | Un dos argumentos está citado con precisión. | Case todos os argumentos están citados con precisión. | Todos os argumentos están citados con precisión. |
| Actitude | Apresura o final da actividade. Hai cambios bruscos de tema na formulación da actividade. | Algunha vez interrompe ou apresura aos seus compañeiros. | Obsérvanse certas interrupcións de tema. | Non se observa interrupción brusca de tema. Non se apresurou o final. |

Rúbrica da presentación oral

ALUMNO.....

| | En vías de adquisición | Adquirido | Avanzado | Excelente |
|------------------------|---|---|--|---|
| Expresión oral | Cústalle a expresión oral ou a realiza con grandes limitacións. | Exprésase correctamente, aínda que con algúns erros ou dificultades. | Exprésase correctamente, de forma ordenada e fluída. | Exprésase correctamente, de forma ordenada, fluída e xerando un gran interese e motivación nos seus interlocutores. |
| Argumentación | As súas ideas están pouco fundamentadas. Non presenta argumentos sólidos. | As súas ideas non contradín o contido estudado. | Fundamenta as súas ideas, citando fontes e respondendo con argumentos. | Expresa bastantes ideas e moi ben fundamentadas, citando fontes e respondendo con argumentos. |
| Actitude de respecto | Non respecta nin as opinións nin as intervencións doutras persoas. | Respecta as quendas dos demais, pero non mostra unha actitude de escoita. | Deixa falar aos demais e respecta as súas opinións, aínda que non coincidan coas súas. | Deixa falar aos demais, escoitando e respectando as súas opinións, aínda que non coincidan coas súas. |
| Estratexias utilizadas | Non utiliza estratexias que lle poidan axudar a expor mellor. | Empezou a utilizar algunha estratexia útil. | Utiliza estratexias para a exposición (esquemas, notas, resumos). | Utiliza estratexias para a exposición (esquemas, notas, resumos) que lle axudan a expor con orde, claridade e eficacia. |
| Recursos empregados | Non utiliza recursos adicionais á súa exposición. | Utiliza algún recurso adicional na súa exposición. | Apoia a súa exposición con imaxes, datos, fotografías... | Apoia a súa exposición con imaxes, datos, fotografías, etc., que a fan moi amena e interesante. |

Bloque III - COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Rúbrica da comprensión lectora

ALUMNO.....

| | En vías de adquisición | Adquirido | Avanzado | Excelente |
|-------------------|--|---|---|--|
| Atención | Distráese durante a lectura. | Distráese ocasionalmente durante a lectura. | Non se distrae na lectura. | Atende de forma constante durante toda a lectura. |
| Propósito | Non capta o significado global. Expressa unha idea vaga ou confusa do texto. | Capta con dificultade o significado global. Obvia partes do texto que completan o sentido do texto. | Recoñece e expresa o significado do texto e sitúa as súas ideas principais. | Expressa unha síntese detallada do propósito do texto. Identifica a súa función ou utilidade. |
| Puntos principais | Non distingue a idea ou ideas principais do texto. | Distingue a idea principal do texto. | Extrae ademais das ideas principais outras secundarias. | Distingue entre as ideas principais e secundarias. |
| Contexto e forma | Non identifica a situación comunicativa nin distingue o tipo de texto. | Identifica a situación comunicativa, con información previa sobre o tipo de texto do que se trata. | Identifica a situación comunicativa e achega algo de información sobre ela. | Identifica a situación comunicativa e achega información detallada, ademais de distinguir o tipo de texto do que se trata. |
| Inferencias | Non é capaz de inferir ningunha información da lectura. | Realiza inferencias sobre a lectura, aínda con dificultade. | Realiza inferencias sobre a lectura e achega ideas derivadas. | Realiza inferencias sobre a lectura, e achega e ideas derivadas e conclusións. |

Rúbrica da lectura en voz alta

ALUMNO.....

| | En vías de adquisición | Adquirido | Avanzado | Excelente |
|-----------------------|---|--|---|---|
| Claridade e entoación | Non se lle entende cando le porque o fai entre dentes. | Le pero non vocaliza a maioría do tempo. | Le con claridade e vocalizando, pero a súa entoación pode mellorar. | Le claramente e vocaliza, á vez que ten unha moi boa entoación. |
| Volume de voz | Non se lle escoita ou fala tan alto que molesta a todo o mundo. | Escóitase mal porque unhas veces fala moi alto e outras case nin se lle oíe. | Ten un volume de voz que permite escoitar aos do grupo, pero ás veces molesta aos máis próximos. | Ten un volume medio que permite escoitar aos do grupo sen molestar aos compañeiros. |
| Ritmo de lectura | Non leva un ritmo adecuado, polo que resulta completamente imposible entender a historia (vai demasiado rápido ou demasiado lento). | Sáltase algún punto ou coma e o ritmo pérdese tamén ás veces. | Respecta os puntos e as comas, pero ás veces leva un ritmo no que perdemos o sentido da historia. | Respecta os puntos, as comas, tomando aire cando debe, o que fai que se entenda perfectamente o que nos le. |

Bloque IV - PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Rúbrica da produción de textos escritos

ALUMNO.....

| | En vías de adquisición | Adquirido | Avanzado | Excelente |
|---------------------------------------|---|--|--|--|
| Estrutura da oración | Ás oracións fáltales estrutura e parecen estar incompletas ou non ter sentido. | A maioría das oracións están ben construídas, pero teñen unha estrutura similar. | A maioría das oracións están ben construídas e teñen unha estrutura variada. | Todas as oracións están ben construídas e teñen unha estrutura variada. |
| Uso de maiúsculas e puntuación | Comete varios erros no uso de maiúsculas e/ou na puntuación, o que chama a atención e interrompe en gran medida o fluxo de información. | Comete poucos erros no uso de maiúsculas e/ou na puntuación, o que chama a atención do lector e interrompe o fluxo de información. | Comete un ou dous erros no uso de maiúsculas ou na puntuación, pero o traballo aínda é fácil de ler. | Non comete erros no uso de maiúsculas ou na puntuación, polo que o traballo é excepcionalmente fácil de ler. |
| Corrección ortográfica | Seis ou máis erros ortográficos de importancia. | Entre tres e cinco erros ortográficos de importancia. | Admítense ata dous erros ortográficos de importancia. | Non presenta erros ortográficos de importancia. |
| Cohesión léxica e gramatical | Erros xeneralizados na concordancia gramatical: xénero, número, réxime verbal... | Algúns erros na concordancia gramatical: xénero, número, réxime verbal... | Respecta a concordancia gramatical: xénero, número, réxime verbal... | Respecta a concordancia gramatical: xénero, número, réxime verbal... |
| Adecuación ao contexto | O texto non segue as instrucións dadas (con relación á tipoloxía textual, a extensión...). | O texto incumpre algunha das instrucións dadas. | En xeral o texto segue as instrucións dadas. | O texto segue as instrucións dadas. |

Rúbrica de produción de correspondencia persoal

ALUMNO.....

| | En vías de adquisición | Adquirido | Avanzado | Excelente |
|------------------------|--|--|--|---|
| Estrutura formal | O texto non ten orde nin os espazos están ben distribuídos. | A orde non se segue sempre, aínda que si hai unha certa estrutura, e os espazos tampouco están ben distribuídos. | O texto segue unha orde, pero os espazos non están ben distribuídos. | O texto segue unha orde adecuada ao seu contido: introdución, comunicación e peche. Ademais están ben organizados os espazos. |
| Mensaxes | Non se expoñen as mensaxes ou están mal fundamentadas. | As mensaxes poderíanse mellorar. | As mensaxes están ben transmitidas. | As mensaxes da carta son claras e están ben argumentadas e transmitidas. |
| Gramática e ortografía | Comete máis de catro erros de gramática ou ortografía que distraen totalmente a lectura. | Comete tres ou catro erros de gramática ou ortografía que distraen levemente a lectura. | Comete un ou dous erros de gramática ou ortografía que non distraen a lectura. | Non comete erros de gramática ou ortografía que distraian a lectura. |

ANEXO 7

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN

5º

Índice

| | |
|---|----|
| 1. Introducción e contextualización..... | 3 |
| 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas | 4 |
| 3. Obxectivos da área | 6 |
| 4. Organización e secuenciación de contidos. | 6 |
| 5. Estándares de aprendizaxe..... | 7 |
| 6. Actividades..... | 7 |
| 7. Temporalización..... | 7 |
| 8. Criterios de avaliación | 8 |
| 9. Mínimos exixibles para o logro das competencias básicas | 9 |
| 10. Procedementos de avaliación..... | 10 |
| 11. Instrumentos de avaliación..... | 10 |
| 12. Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial | 11 |
| 13. Actividades de recuperación e reforzos para acadar a recuperación | 11 |
| 14. Metodoloxía | 11 |
| 15. Materiais e recursos didácticos. | 12 |
| 16. Medidas de atención á diversidade | 12 |
| 17. Programación da educación en valores..... | 13 |
| 18. Accións de contribución ao proxecto lector..... | 14 |
| 19. Accións de contribución ao plan TIC | 14 |
| 20. Accións de contribución ao plan de convivencia..... | 15 |
| 22. Actividades complementarias e extraescolares | 15 |
| 21. Procedementos para avaliar a propia programación..... | 16 |

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Antes de comenzar coa programación comentar que se neste curso por mor das COVID_19 nos volven confinar, todas as tarefas serán enviadas ao alumnado a través da alula virtual do centro.

Situación xeográfica, socioeconómica e cultural.

O C.E.I.P Fermín Bouza Brey, está situado no Concello de Ponteareas (sur da provincia de Pontevedra). É un Concello que conta con uns 23.000 habitantes de 24 parroquias, incluíndo o casco urbán, que é onde se atopa o centro. Dentro do citado casco, os/as nenos/as en idade escolar repártense entre tres centros públicos e dous concertados.

A procedencia do alumnado é maioritariamente do casco urbano e o grupo restante acude ao centro utilizando na súa gran maioría o transporte escolar que os recolle dalgunhas parroquias antes citadas. Este é, basicamente, o principal factor de heteroxeneidade presente no centro.

En canto á situación socioeconómica pódese dicir que a maioría dos ingresos das familias procede de postos de traballo desenvolvidos en municipios limítrofes, sendo o de máis importancia Vigo.

Os ingresos familiares situaríanse na media do que se podería considerar unha franxa aceptable.

A primeira lingua utilizada pola inmensa maioría dos alumnos é o castelán.

Para rematar, dicir que existen algúns casos de familias desestructuradas, o que en moitas ocasións, isto reflicte nos resultados académicos.

O centro

Trátase dun CEIP cun elevado número de alumnos/as (491) o que fai que a optimización de recursos sexa, nalgúns casos complicada.

O centro é de xornada continuada, e abrangue dende as 9:00 horas ás 14:00 horas. Os martes pola tarde asistimos ás distintas reunións de titorías, claustros... destinando unha parte do tempo para a atención ós/as pais/nais, titores/titoras legais do alumnado. Asemade asistimos pola tarde, segundo quenda do profesorado, para atender as gardas no centro.

Instalacións

O centro está composto por seis edificios e dúas “aulas prefabricadas”:

.- Administración, sala de mestres/as, dirección, xefatura de estudos, secretaría, departamento de orientación, sala da A.N.P.A. e aula de informática.

.- Edificio central no que se atopan todas as aulas de primaria, o laboratorio e a biblioteca.

- .- Ximnasio coas dependencias auxiliares para vestiarios, material e mestres/as.
- .- Edificio anexo con tres aulas para usos. ... (antigo bloque de infantil).
- .- Edificio de E.I. con dez aulas, unha sala de mestres/as e un almacén. Destas 6 son para as ensinanzas de 3, 4 e 5 anos, unha para inglés, outra para relixión, outra para informática e outra para psicomotricidade.
- .- Dúas aulas prefabricadas, para usos diversos
- .- Casa do/a conserxe.

Servizos

Servizo de transportes para nenos/as das distintas parroquias que corresponden ó noso centro (empresa Ojea de Leirado), servizo de limpeza e conserxe.

2.- CONTRIBUCIÓN DESDE A ÁREA DE RELIXIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia. Esta área posibilitanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Comunicación lingüística

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Competencia dixital

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito

religioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores que se van fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autocoñecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida. O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Dotaráselle de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- *Dimensión cultural e histórica.* Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- *Dimensión ético-moral.* Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- *Dimensión epistemolóxica.* Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

3. OBXECTIVOS DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA.

1. Recoñecer a imposibilidade de alcanzar a plenitude para a natureza humana.
2. Aceptar que para ser feliz necesitamos un Salvador.
3. Evidenciar a consecución da plenitude humana en relación de Deus en distintos signos de diferentes culturas.
4. Recoñecer a humanidade da persoa na relación con Deus.
5. Apreciar a riqueza dos textos históricos.
6. Recoñecer o encontro con Deus a través de Xesús.
7. Comprender como Xesús cumpre a vontade de Deus a pesar dos obstáculos.
8. Ver na Igrexa a continuación da misión de Xesús.
9. Recoñecer nos sacramentos de servizo a misión da Igrexa.
10. Comprender os trazos do tempo litúrxico de Pascua.
11. Identificar no encontro co Resucitado un cambio de vida.

4. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- A incapacidade do ser humano para ser feliz reclama a salvación.
- A plenitude do ser humano está na relación con Deus.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- O pobo de Israel como depositario da sabedoría de Deus.
- Os libros sapienciais enriquecen a humanidade.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- Xesucristo, desvela o Pai.
- As tentacións de Xesús: obstáculo ao cumprimento do plan de Deus.
- Xesús envía os discípulos para continuar coa súa misión salvífica.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- Os sacramentos ao servizo da misión da Igrexa: Confirmación, Orde e Matrimonio.
- A Pascua, tempo de resurrección. Os froitos da resurrección de Xesús: a alegría e a paz.

- Os cristiáns, testemuñas da resurrección.

5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Valora algúns signos e símbolos representativos do fenómeno relixioso na Antigüidade.
2. Sabe que Deus é creador e faino por amor.
3. Comprende as principais respostas ás preguntas sobre o mal, a dor e a morte, fundamentadas na acción Salvadora de Xesucristo.
4. Sabe valorar as achegas no ser humano do feito de ser creado e amado por Deus como fillo.
5. Sabe sintetizar os puntos esenciais sobre a salvación do home realizada por Xesucristo.
6. Razona como Deus se nos dá a través dos sacramentos.
7. Sabe situar en textos evanxélicos a orixe da Igrexa e a súa finalidade de salvación.
8. Valora a misión dos membros da Igrexa, a súa fe e a súa entrega como continuidade da misión de Xesucristo.
9. Comprende o servizo eclesial que os apóstolos e os seus sucesores prestan ao pobo de Deus.
10. Sitúa e valora a presenza da Virxe María nos momentos culminantes da vida de Cristo, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.
11. Identifica e valora algunhas institucións da Igrexa dedicadas á axuda aos demais.
12. Sabe que a Igrexa nos serve en camiñar cara ao ceo.

6. ACTIVIDADES.

Realizaremos os exercicios do libro que se propoñen para cada unidade didáctica. Dependendo das características do curso poderemos realizar uns ou outros. Ademais utilizaremos fichas elaboradas polas profesoras para completar e afianzar coñecementos.

Visualizaremos algunha película de contido traballado na aula.

Non está previsto realizar ningunha saída complementaria nesta materia.

7. TEMPORALIZACIÓN

1º Trimestre

- Semana do 28 de setembro ó 23 de outubro: Axúdasme a facer o ben (T.1)

- Semana do 26 de outubro ó 20 de novembro: Unha gran promesa (T.2)
- Semana do 23 de novembro ó 18 de decembro: As túas normas fanme feliz (T.3)

2º trimestre

- Semana do 7 de xaneiro ó 21 de xaneiro: Descubro a Biblia (T.4)
- Semana do 1 de febreiro ó 26 de febreiro: Alégame atoparme contigo (T.5)
- Semana do 29 de febreiro ó 18 de marzo: Os teus milagres achéganme a ti(T.6)

3º Trimestre

- Semana do 29 de marzo ó 22 de abril: Espero vivir con Deus no ceo (T. 7)
- Semana do 25 de abril ó 20 de maio: Son membro da Igrexa (T.8)
- Semana do 23 de maio ó 17 de xuño: Lembrámoste na Eucaristía (T.9)

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Recoñecer que o desexo de Deus está inscrito no corazón do home, porque o home foi creado por Deus e para Deus. De múltiples maneiras, na súa historia, e ata o día de hoxe, os homes expresaron a busca de Deus por medio das súas crenzas e os seus comportamentos relixiosos (oracións, sacrificios, cultos). A unión íntima e vital con Deus pode ser esquecida e mesmo rexeitada, pero Deus non cesa de chamar a todo home.
2. Tomar conciencia de que o home se interrogou sempre ante as marabillas do universo e a existencia humana. Comprender a Creación como obra de Deus. Toda a Creación é boa porque Deus a fixo. O relato bíblico proclama a creación do universo enteiro por Deus, “o ceo e a terra”.
3. Saber responder algunhas preguntas sobre o home e a evolución da natureza. Saber que no íntimo do home vemos que se distingue da natureza: o home ten espírito, intelixencia, vontade libre, conciencia; por iso, se asemella máis a Deus que ao mundo creado.
4. Recoñecer que o Deus que se manifesta na Escritura é un Deus Creador. Chamando ás cousas á existencia fai triunfar o amor. Coloca o amor na orixe mesma do ser. Creando o mundo pola súa Palabra triunfou sobre os poderes do caos (Xn. 1,2). O home posúe unha dignidade e responsabilidade para colaborar con Deus no coidado do mundo. O amor se é creador non é un vago sentimento.
5. Recoñecer e valorar a novidade que supón a forma de comunicación divina e a gratuidade da súa linguaxe baseada no amor que se expresa na persoa de Cristo na Biblia.

6. Valorar o amor de Deus que se manifesta en aceptar o risco de crear seres que o esquezan e o neguen; vencer o mal a forza do ben; seguir creando e recreando; asumir no seu propio Fillo o sufrimento.
7. Apreciar a acción salvadora de Xesucristo. Foi o que en verdade cambiou o rumbo da escravitude do mal e do pecado. El é o Salvador. Toda a historia da salvación, dirixida por Deus en favor dos homes, prepara o camiño para a súa vinda. El é o Cordeiro de Deus que quita o pecado do mundo.
8. Descubrir en Xesucristo Salvador un modelo radicalmente novo de vida que leva consigo unha conversión persoal.
9. Valorar a fe, o amor e a esperanza da Virxe María. Ela é Nai de Deus porque dela naceu Xesucristo, que é verdadeiro Deus, nacido do Pai antes de todos os séculos e é verdadeiro home nacido de María, traballou coas súas mans de home, intelixencia e corazón tamén de home. Verdadeiro Deus e verdadeiro Home. A promesa de Deus de enviar un salvador cúmprese co nacemento de Xesús en Belén.
10. Comprender as condicións básicas para seguir a Xesús é responder á súa chamada, fiarse da súa Palabra, camiñar como El camiñou para poder recibir o Reino de Deus que nos trae. Xesús di aos que queren seguilo: non sodes vós os que me elixistes, son eu quen vos elixín e destineivos para que vaiades e deades froito.
11. Coñecer o contido dos sacramentos afondando neles como celebracións festivas e comunitarias da comunidade cristiá. Cristo actúa especialmente e perpetúa na Igrexa os seus actos salvadores. Na Confirmación dáenos o Espírito de Xesús para que sexamos as súas testemuñas. Coa Orde Sacerdotal conságranse novos sacerdotes para o servizo da Igrexa.
12. Coñecer o sentido que Cristo dá á autoridade da Igrexa, que se exerce como servizo. Para implantar o seu reino Cristo envía os seus apóstolos e os seus sucesores. Del reciben o poder de obrar no seu nome. O Señor fixo a Pedro fundamento visible da súa Igrexa. O Papa goza dunha potestade suprema, plena e universal para coidar as almas. Os bispos, instituídos polo Espírito Santo, suceden aos apóstolos. Cada un dos bispos é o principio e fundamento visible de unidade nas súas igrexas particulares. Os bispos, axudados polos presbíteros, os seus colaboradores, e os diáconos, teñen a misión de ensinar a fe, celebrar o culto e dirixir a súa Igrexa.
13. Orientar o sentido último da vida como plenitude do encontro con Deus. O cristián espera a segunda vinda de Xesús, á fin dos tempos como Xuíz e Señor de todos os homes.

9. MÍNIMOS EXIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Valora algúns signos e símbolos representativos do fenómeno relixioso na Antigüidade.

2. Sabe que Deus é creador e faino por amor.
3. Comprende as principais respostas ás preguntas sobre o mal, a dor e a morte, fundamentadas na acción Salvadora de Xesucristo.
4. Sabe valorar as achegas no ser humano do feito de ser creado e amado por Deus como fillo.
5. Sabe sintetizar os puntos esenciais sobre a salvación do home realizada por Xesucristo.
6. Razona como Deus se nos dá a través dos sacramentos.
7. Sabe situar en textos evanxélicos a orixe da Igrexa e a súa finalidade de salvación.
8. Valora a misión dos membros da Igrexa, a súa fe e a súa entrega como continuidade da misión de Xesucristo.
9. Comprende o servizo eclesial que os apóstolos e os seus sucesores prestan ao pobo de Deus.
10. Sitúa e valora a presenza da Virxe María nos momentos culminantes da vida de Cristo, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.
11. Identifica e valora algunhas institucións da Igrexa dedicadas á axuda aos demais.

10. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

- As probas escritas, sempre que se realicen: 80%
- Libretas: 20%

11. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade que terán que recoller na libreta do alumno.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe, aínda que procuraremos non facelas.
- Fichas con actividades sobre o tema.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.

12. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Aplicaremos as probas que a editorial Anaya ten para tal fin xa que en 5º utilizamos esta editorial.

Non se terán en conta á hora de cualificar o trimestre, nin se porá nota . Servirán para que o profesorado coñeza a situación de partida de cada clase e saiba que coñecementos teñen xa adquiridos e en cales hai que facer fincapé.

13. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

O alumnado que necesite recuperar unha avaliación terá que entregar ao profesorado as fichas e traballos que para tal fin determine a profesora. As fichas serán as que editorial nos achega para tal fin. Co alumnado que necesite reforzo, a profesora realizará un seguimento e acompañamento individualizado.

14. METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Relixión Católica:

Os alumnos deben comprender a mensaxe cristiá, o cal fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicas e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias axeitadas á súa idade e ao tempo de cada etapa.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra constitutivamente a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros.

Na materia de Relixión Católica utilizaremos unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

Recoñecemento do rol do docente. O docente é peza clave na elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto ao que está ensinado. A súa formación resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.

Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.

Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.

Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivas, actitudinais, socioafectivas non sexan consideradas fin en si mesmos senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que cómpre realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos iníciáanse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubrindo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e a humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o **traballo en grupo colaborador** como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia, e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

15. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Utilizaremos o libro de texto de 6º da Editorial Anaya. Non poderemos utilizar o libro multimedia pola imposibilidade de acceder á aula de informática, por non dispoñer o colexio de máis dunha aula con ordenadores e estar esta ocupada todos os días e horas de clase.

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Plástica:

- Lapis, goma de borrar, lapis de cores, ceras brandas, rotuladores, témperas, regra, compás, tesoiras, cola, pinceis, plastilina.
- Material reciclado: teas, tetrabrik, papel de aluminio e macarróns.
- Material reciclado: revistas, xornais, clips, cartón, papel de aluminio, papel de cores, chapas, tapóns, teas...

16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Número de alumnos:

Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade...):

Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? (*Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas...*).

Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?

Necesidades individuais

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (*Ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outros con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...*).

Que medidas organizativas vas adoptar? (*Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual*).

Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?

Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?

- ✓ Nesta etapa porase especial énfase na **atención á diversidade** do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- ✓ Co fin de fomentar o **hábito da lectura** dedicarase un tempo diario a esta.
- ✓ Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de **diagnósticos precoces** e ao establecemento de **mecanismos de reforzo** para lograr o éxito escolar.
- ✓ A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado. O profesor titor coordinará a **intervención educativa** do conxunto do profesorado do alumnado ao que tutoriza de acordo co que estableza a Administración educativa correspondente, e manterá unha relación permanente coa familia, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.
- ✓ A intervención educativa debe contemplar como principio a **diversidade do alumnado**, entendendo que deste modo se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.
- ✓ Os **mecanismos de reforzo** que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

17. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

De acordo co Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, establécese que:

- ✓ A educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias.
- ✓ Fomentarase a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de minusvalidez.
- ✓ Fomentarase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.

- ✓ Fomentarase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- ✓ Fomentarase a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.
- ✓ Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
- ✓ Fomentarase o desenvolvemento sostible e a protección do medio, alertarase dos riscos de explotación e abuso sexual, previrase os alumnos sobre as situacións de risco derivadas da utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como promoverase a protección ante emerxencias e catástrofes.
- ✓ Fomentarase o desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor.
- ✓ Adoptaranse medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento infantil.
- ✓ Fomentarase a educación e a seguridade vial.

18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Nas clases de relixión de despois do recreo realizamos a Hora de Ler. O alumnado le durante 15 ou 20 minutos de maneira individual a lectura que prefira.

Nas clases realizamos lecturas de distintos tipos de textos: ao principio de cada unidade lectura de banda deseñada, lectura do texto, lectura de artigos de xornais. O centro está apuntado ao programa da Voz na Escola e recibimos cada mércores os xornais que son distribuídos á aula á que lle corresponda.

Desde a clase de relixión apoiamos calquera actividade proposta pola biblioteca colaborando cos titores, e ás veces sen eles na súa realización.

A lectura é unha ferramenta fundamental do desenvolvemento da personalidade, pero tamén o é de socialización como elemento esencial para convivir en democracia e desenvolverse na sociedade da información. Para iso é preciso que os alumnos adquiran habilidades que lles permitan o seguinte:

- ⇒ Comprensión de textos literarios sinxelos, adaptados á idade e aos intereses dos alumnos (textos narrativos e poéticos).
- ⇒ Introducción ao uso da biblioteca escolar
- ⇒ Participación en representacións, memorización e recitación de poemas, cantar cancións, contar contos, etc.

19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

En canto a este apartado, non podemos traballar todo o que nos gustaría as novas tecnoloxías xa que este é un colexio que carece de máis dun aula de informática. Polo que o profesorado que non sexa titor ten moi difícil o acceso aos ordenadores para o alumnado. En canto á pizarra dixital temos o mesmo problema. Só existe unha

pizarra para todo o colexio que está situada na aula de informática. Se non podemos acceder aos ordenadores da aula de informática, tampouco podemos acceder á pizarra dixital.

Unha das características máis interesantes é que contamos cun curso dixital completamente integrado e mellorado. É ideal para o seu uso en lousas interactivas ou mesturando ordenador e proxector. Promovemos a aprendizaxe esperta a través de distintas ferramentas e contidos deseñados especialmente para abordar situacións reais do ensino.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

- CD de audio e cancións.
- CD que acompaña a proposta didáctica con recursos fotocopiáveis
- Murais
- Películas

20. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Colaborar co departamento de Orientación en todas as medidas preventivas, organizativas e de intervención que se desenvolven no centro (acollida ao profesorado novo, ao alumnado novo e ao alumnado estranxeiro no instituto, información e comunicación coas familias, control de faltas de asistencia e puntualidade do alumnado, actuación nos casos de absentismo, actuación nos casos de acoso escolar, uso da aula de convivencia e atención educativa, mediación escolar, igualdade de oportunidades, prevención de consumo de tabaco, alcol e drogas, e fomento de hábitos saudables...)
- Desenvolver actividades acerca da dignidade e dereitos da persoa para concienciar e sensibilizar ao alumnado sobre o maltrato entre iguais, especialmente sobre o acoso escolar.
- Propoñer a mediación cando xurda un conflito entre os alumnos/as tanto na aula como no centro e non poida resolverse doutro xeito.
- Promover a igualdade de oportunidades nas súas actividades e achegamento ao alumnado, aproveitando días conmemorativos, como o día da muller traballadora, violencia de xénero, etc, e desde una perspectiva transversal a través dos contidos da materia.
- Colaboración coa Vicedirección do centro nas actividades, festas, visitas didácticas e viaxes que entre outros obxectivos fomentan a integración, a participación e a convivencia do alumnado e profesorado.
- Respetar, difundir, e recordar ao alumnado o Regulamento de Réxime Interno do centro.

21. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na materia de Relixión non se realizan saídas extraescolares, pero estamos dispostas a acompañar nas saídas aos titores se así o necesitan.

22. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

Flora M^a Rey González

M^a Encarnación Domínguez López